

26

# DEREITO Á CIDADE

faladoiros e obradoiro  
de aprendizaxe servizo



# **DEREITO Á CIDADE**

**FALADOIROS E OBRADOIRO DE  
APRENDIZAXE-SERVIZO**

Clínica de Casas  
(Hilda Cuba, Cristina Botana,  
Plácido Lizancos)  
GAM de vivenda da Coruña  
Refuxios da Memoria  
(coords.)

**DEREITO Á CIDADE**  
FALADOIROS E OBRADOIRO DE APRENDIZAXE-SERVIZO  
DO 2 DE SETEMBRO AO 16 DE OUTUBRO

**Coordinación e organización**

Clinica de Casas (Hilda Cuba, Cristina Botana, Plácido Lizancos), GAM de vivenda da Coruña, Refuxios da Memoria

**Publicación**

Servizo de Publicacións da UDC

Textos e resumo dos faladoiros: GAM de Vivenda da Coruña, Refuxios da Memoria, Cristina Botana, Iago Carro, Hilda Cuba, José Luis Martínez.

Diseño e maquetación: Fernando Pérez

Diseño de cubierta: Cristina Botana

Fotografía: Hilda Cuba Cabana

Plano: Ergosfera

Impresión: Reprografía Noroeste

Edita: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, A Coruña, 2021  
<[www.udc.es/publicaciones](http://www.udc.es/publicaciones)>

© 2021 da edición, Universidade da Coruña

© Imaxe de cuberta, Hilda Cuba Cabana

© dos textos, os seus autores

Número de páginas: 70

14,8 x 21 cm

ISBN: 978-84-9749-823-4

DL: C 2099-2021

DOI: <https://doi.org/10.17179/spudc.9788498234>



Esta obra publicase baixo unha licenza Creative Commons,  
Atribución-Non Comercial- Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)



Oficina de Cooperación  
e Voluntariado Universidade  
da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



# **DEREITO Á CIDADE**

Clínica de Casas | GAM de vivenda da Coruña |  
Refuxios da Memoria (coords.)

O proxecto *Dereito á cidade. Faladoiros e obradoiro de aprendizaxe-servizo* foi desenvolvido no marco das accións contempladas na VIII Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social financiadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, durante os meses de setembro e outubro de 2021.



# ÍNDICE

Introducción e contexto .....	9
A Clínica de Casas da ETSAC .....	11
Grupos de Apoio Mutuo (GAM) da Coruña .....	13
Refuxios da memoria.....	14
 PRIMEIRA XORNADA: ESPAZO URBANO, DEREITO OU MERCADORÍA? .....	15
Un roteiro polo barrio das Atochas na Coruña: cuestións urbanas arredor do dereito á cidade .....	16
Luis Dopico. Asociación Veciñal Oza-Gaiteira-Os Castros.....	37
Torcuato Teixeira. Avogado especialista en economía pesqueira. ....	38
Pablo Leira. Asociación Veciñal Francisco Rodríguez Otero .....	40
 SEGUNDA XORNADA: ORGANIZACIÓN E AUTODEFESA .....	43
Xoán Vázquez. Sindicat de Barri del Poble Sec.....	44
Lucía Casado. Plan Sareb .....	46
Ruymán Rodríguez. Sindicato de Inquilinas de Gran Canaria.....	48
Xoán Antón Pérez-Lema. Avogado e docente, socio director do despacho de avogacía e consultoría Pérez-Lema.....	50
 TERCEIRA XORNADA: DEREITO Á VIVENDA E CRIMINALIZACIÓN DA POBREZA .....	53
Cristina Botana. Doutora arquitecta, especialista en segregación urbana.....	54
Marlene Danlaeta. Membro de Afrogalegas .....	57
José Luis Martínez. Veciño da Zapateira .....	59
Noelia Sánchez. Veciña do poboado da Pasaxe .....	62
Coruña Sen Teito .....	65
 CUARTA XORNADA: REDES PARA O DEREITO Á CIDADE NA CORUÑA. ESPAZO DE TRABALLO, INTERCAMBIO E ORGANIZACIÓN .....	67



## INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

---

Esta publicación ten como vontade recoller os contidos dos faladoiros levados a cabo dentro da actividade Dereito á Cidade. Neste proxecto deuse continuidade á Clínica de Casas, xurdida na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña durante o confinamento coa intención de achegar os coñecementos da arquitectura a todas as persoas para a mellora da habitabilidade dos espazos domésticos.

A Clínica de Casas quixo manter a súa vixencia no momento post-confinamento no que se están a facer patentes graves carencias habitacionais, e ser un espazo académico complementario ao plan de estudos no que dar cabida á formación e reflexión sobre o dereito ao hábitat. Desde el viñanxe organizando debates, pales-tras, investigación e publicacións. Desde pouco despois do seu nacemento mantén contacto co Grupo de Apoyo Mutuo de Vivenda da Coruña, orixinado tamén durante o confinamento, en relación con situacións de precarización habitacional. Na presente actividade, a Clínica recolleu a iniciativa do Grupo de Apoyo Mutuo de Vivenda da Coruña de organizar unhas xornadas nas cales poñer enriba da mesa cuestións relacionadas cos dereitos da veciñanza a habitar na cidade da Coruña.

Os faladoiros organizáronse en catro sesións distribuídas nas dúas primeiras semanas do mes de setembro, e buscando localizacíons dentro da cidade con vínculos entre a veciñanza e que as fixesen más próximas e accesibles á poboación non universitaria: o Forum Propolis, na Agra do Orzán; A Tobeira de Oza; O Fiandón, nas Atochas - Montealto. Estes tres primeiros encontros abordaron temas relacionados co dereito á vivenda e ao espazo urbano, as formas de organización veciñal e autodefensa e a criminalización da pobreza, e prepararon o terreo para unha última xuntanza, celebrada no edificio da Normal (Universidade da Coruña), en Labañou, que tiña como obxectivo a creación de redes de traballo entre colectivos e persoas con intereses comúns nestas cuestións na cidade da Coruña.

Outro dos proxectos que participaron da organización do obra-doiro é Refuxios da Memoria, unha investigación sobre as memorias colectivas do movemento libertario nos espazos do barrio das Atochas - Monte Alto. O seu traballo de antropoloxía audiovisual sobre o

---

espazo urbano, colectivo e individual, propúxose como base ao obradoiro no que se traballaría o dereito á cidade xunto con alumnado e profesorado das diferentes disciplinas presentes na Universidade da Coruña e persoas expertas convidadas, e se retomarían as ideas xurdidas nos faladoiros, que finalmente non puido ser levado a cabo.

No ámbito universitario, esta actividade buscou apoio, como a anterior Arquitecturas Ambulatorias, nas actividades existentes na UDC vencelladas ao dereito ao hábitat. A realidade da precarización do dereito á cidade e a un hábitat digno son cuestións abordadas de forma preocupantemente escasa nas aulas que forman ás e aos profesionais do futuro, no contexto que vivimos. O obxectivo último desta proposta foi explorar a maneira de por sobre as mesas do estudantado as cuestións primordiais do dereito á cidade e á vivenda na súa contorna dun xeito continuado ao longo do tempo.

Nos seguintes textos recóllense transcripcións e resumos do compartido durante os faladoiros abertos, algunas delas elaboradas polas propias autoras e autores das intervencións.

## A CLÍNICA DE CASAS DA ETSAC

---

**A Clínica de Casas** xurdiu en pleno confinamento domiciliario pola COVID-19, por iniciativa dun colectivo formado por estudiantado, profesorado, profesionais da investigación e persoal de administración e servizos dentro da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. O seu obxectivo foi inicialmente mellorar a habitabilidade dos fogares desde a distancia imposta, a través da información proporcionada polas propias persoas que neles residían. A transformación procedente do consello deste equipo académico debería ser implementada tamén polas habitantes, cos medios e recursos dispoñibles nese momento.

Rapidamente deseñouse unha estrutura de traballo a través de equipos heteroxéneos conectados en liña, nos que o estudiantado aprendía a analizar os casos reais que chegaban a través dun formulario aloxado nunha web propia, e aplicaba os seus coñecementos coa axuda de profesorado e profesionais. Foi unha ferramenta valiosa para o coñecemento da realidade das calidades e estado das vivendas da súa contorna, de primeira man.

Esta iniciativa, con vontade de servizo a través da aprendizaxe, tiña como obxectivo non secundario a sensibilización da academia en cuestións de importancia social, desde un enfoque de dereitos. A Clínica de Casas bebe do proxecto de Aprendizaxe-Servizo anterior Kaya Clínica, que desenvolveu entre 2015 e 2018, nun barrio autoxestionado de Maputo, Mozambique, un grupo da UDC traballando conxuntamente coa Universidade local Eduardo Mondlane e grazas ao cal se facilitou o acceso da cidadanía á legalización da súa relación co municipio e se formou á comunidade universitaria.

Esta segunda vertente de sensibilización desenvolveuse a través dunha escolma de boas prácticas e consellos no habitar desde o punto de vista dos estándares habitacionais, a convivencia e conciliación, o xénero, o dereito á vivenda, o tele-traballo e moitos outros. Por outra banda, un blogue recolleu aportacións da comunidade universitaria e externa que quixo compartir as súas experiencias e reflexións domésticas en tempos de pandemia. Finalmente, un ciclo de conversas e palestras virtuais deu voz a colectivos polo dereito á vivenda, estudiantes, arquitectas como Mónica Alonso, Nuria Prieto ou Flu-or e persoas expertas en sustentabilidade no campo da edificación.

---

A actividade da Clínica de Casas mantívose con posterioridade ao confinamento, de maneira informal e auto-xestionada, que foi o seu xeito de nacemento. Dalgunha maneira, esta actividade supón un peche para esta experiencia, que non soubo abrirse camiño dentro da Escola de Arquitectura que a viu nacer e foi substituída na axenda por outras cuestións más urxentes, máis institucionais ou simplemente con intereses diferentes.

A materia Hábitat Básico, unha optativa situada no último curso do Grao en Estudos de Arquitectura, mantén esta vocación pero presenta moitas dificultades para permitir un achegamento real do alumnado á realidade social próxima e á maneira en que desde a súa futura profesión poden dar resposta a moitas situacións e necesidades cotiás. Por outra banda, resulta imprescindible presentar ao alumnado universitario un xeito de traballar que parta da colaboración con outras profesións e mais coas persoas que son suxeito da súa acción. A actividade Dereito á Cidade quixo dar cabida a estas experiencias que deben formar parte da aprendizaxe na etapa universitaria, incluíndo a membros de toda a comunidade universitaria e xente allea e abrindo portas a unha maior conexión e cooperación entre Escolas e Facultades e co seu contexto.



## **GRUPOS DE APOIO MUTUO (GAM) DA CORUÑA**

---

A pandemia do Coronavirus (COVID-19) enfrentounos desde o inicio do 2020 a un enorme desafío como planeta, como país, como comunidade e como sociedade. Foi unha crise sanitaria sen precedentes que veu agravar a situación de permanente crise social e económica que vivimos as estafadas polo sistema: as de abaxo, a xente traballadora.

Durante moitas semanas, organizámonos nos diferentes barrios da cidade para lograr que as veciñas más vulnerables saísen adiante, nun momento de colapso dos servizos sociais e de inoperancia por parte das institucións. Logramos tecer unha rede de solidariedade para fornecer de alimentos, mais tamén de máscaras, produtos básicos, apoio emocional, e outras necesidades á xente que peor o estaba a pasar. Logramos responder como comunidades á maior emergencia social dos últimos anos. E todo iso, padecendo en ocasións as agresións por parte das mesmas institucións que non daban feito.

Os Grupos de Apoyo Mutuo (GAM) foron a resposta que levantamos desde os barrios conscientes da Coruña para poñernos ao lado da xente más vulnerable, as nosas veciñas e veciños, nestes momentos complicados. Foi unha resposta auto-xestionada que activou a solidariedade xusto cando máis o precisamos.

### **GAM DE VIVENDA**

Co paso dos meses, a situación foi mudando e tamén mudou a organización dos GAM, pero a rede tecida durante os momentos de maior emergencia seguiu funcionando para tentar responder á situación de agresión permanente que padecemos nos barrios.

O GAM de Vivenda naceu como un instrumento para acompañar á veciñanza en risco de quedar na rúa por mor da COVID. Mantense como unha ferramenta para denunciar un sistema que favorece ás e aos rendistas e nos expulsa dos nosos barrios. Que nos sobe o alugueiro até facelo impagable. Que nos condena a vivir en infra-vivendas en situacións de insalubridade. Que nos nega o dereito á vivenda por ter nacido noutro país.

O sistema de vivenda é un virus que temos que seguir enfrentando.

## REFUXIOS DA MEMORIA

---

Dende a instauración, en xullo de 1936, do rexime xenocida franquista, as memorias das comunidades políticas disidentes foron eliminadas do espazo público, e os seus portadores perseguidos. Toda actividade reivindicativa na rúa foi prohibida e duramente sancionada; os locais sindicais, culturais e de encontro do movemento obreiro foron expropriados; e todo resquicio material foi purgado, mediante a queima de bibliotecas enteiras e a eliminación de toda clase de documentación. O Réxime tentou non só eliminar o movemento obreiro do espazo público, senón tamén borrar todo vestixio material daquela memoria. Pola súa banda as persoas portadoras desas memorias foron tamén perseguidas polo novo poder instaurado e, en moitos casos, duramente represaliadas: executadas, encarceradas, exiliadas ou simplemente sometidas á *pedagoxía do sangue*. O resultado desta persecución foi a perda física de moitas destas persoas portadoras de memoria; o silencio de moitas outras como estratexia de conservación da vida, producindo unha interrupción nos mecanismos de reproducción destas memorias; así como a reclusión ao espazo íntimo –xeralmente do fogar familiar– dalgunhas outras destas memorias, dende onde en ocasións lograron reproducirse durante décadas. Deste modo as memorias colectivas disidentes ficaron atomizadas, e as que perduraron ata hoxe fixérono recluidas en espazos íntimos convertidos en verdadeiros refuxios da memoria.

Con todo, a furia exterminadora exercida polo franquismo non logrou eliminar todos os fragmentos materiais que compoñen estas memorias, nin tampouco colapsar por completo os mecanismos de reproducción das mesmas. Refuxios da Memoria é un colectivo de investigación e divulgación militante que, partindo daquelas memorias atomizadas, pretende restaurar unha memoria colectiva do movemento obreiro libertario a través da intervención sobre o espazo público urbano. A dimensión espacializada das memorias colectivas e a conservación do patrimonio obreiro son dous dos nosos principais eidos de traballo. A arte urbana, o mapeo e os desprazamentos as nosas principais ferramentas de divulgación.

# **PRIMEIRA XORNADA: ESPAZO URBANO, DEREITO OU MERCADORÍA?**

2 setembro 2021 | Lugar: Forum Propolis

Neste primeiro faladoiro propúxose unha reflexión en torno aos usos do espazo urbano que teñen lugar como consecuencia da propiedade de privada ou pública das rúas, parques e prazas. Estes usos tamén se viron afectados pola ocupación da rúa por parte dos establecementos de hostalería trala redución da súa capacidade, durante a pandemia. Outros, non sempre contemplados nunha primeira análise, son os posibilitados polos espazos baleiros, ou os derivados das situacions de senfogarismo. Moitos deles non son posibles pola falta de atención á accesibilidade.

Tamén nos interesaban os procesos de transformación que procuran a revitalización dos barrios a través de operacións de re-urbanización e muda de imaxe e a súa relación coa turistificación e xentificación progresiva das nosas cidades. Dentro destes cambios, chamamos a atención sobre as peonalizacións e os seus impactos sobre a mobilidade.

Cuestiónámonos sobre as operacións inmobiliarias xa realizadas e previstas na Coruña e en que medida se corresponden coa necesidade de novas vivendas. Descoñecemos en que estado están as vivendas actuais e se precisan de inversións para ser arranxadas para poder ser habitadas, ou pola contra algunas permanecen baleiras ou se destinan a usos turísticos e non residenciais.

Por último, queremos saber sobre o asociacionismo vecinal e a capacidade destas entidades para chegar á poboación heteroxénea dos barrios, como se relacionan entre elas e que tipo de diálogos establecen coas institucións en relación ás cuestións anteriores.

# UN ROTEIRO POLO BARRIO DAS ATOCHAS NA CORUÑA: CUESTIÓNS URBANAS ARREDOR DO DEREITO Á CIDADE

Iago Carro | Arquitecto urbanista e membro do colectivo Ergosfera

**Recompilación das notas realizadas para preparar o roteiro polo barrio das Atochas desenvolvido por Ergosfera o 25 de setembro de 2021 dentro do programa de faladoiros e obradoiro de aprendizaxe-servizo *Dereito á cidade*, organizado pola Clínica de Casas (UDC), Refuxios da Memoria e os GAM A Coruña.**

O percorrido do roteiro deseñouse para visitar elementos urbanos moi diversos a través dos cales se puidesen tratar diferentes aspectos do que sexa ou poda ser o «dereito á cidade» no século XXI, pero en calquera outro traxecto polo barrio poderíase falar de case todos os mesmos temas e seguramente xurdirían outros a maiores.

No mapa adxunto pódese consultar a localización das paradas realizadas, así como a dos elementos e situacións urbanas comentadas en cada unha delas e que se describen brevemente a continuación.

## 1ª PARADA | PRAZA CANTIGAS DA TERRA

- Conxunto histórico de vivenda obreira<sup>1</sup> e memoria libertaria<sup>2</sup> da cidade. Desprotegido urbanisticamente e en perigo de desaparición debido a un polígono (a API Q28 do PXOM de 2013) que permite construír todo o ámbito en altura, o que significaría un empeoramento moi considerable das condicións ambientais da contorna. Nin ten sentido a eliminación deste patrimonio histórico e arquitectónico, nin é razonable desde a perspectiva urbana apostar polo crecemento en altura nun ámbito xa tan densificado<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Sobre este conxunto de vivenda obreira pódese consultar o artigo: Mosquera, Xoán. «As casas das Atochas, patrimonio obreiro». En: *As Atochas. Zona a Defender (ZAD)*. A Coruña: Refuxios da Memoria, 2021: 9-25. Disponible en: [https://www.refuxiosdamemoria.org/wp-content/uploads/2021/07/fanzine\\_ZAD\\_web.pdf](https://www.refuxiosdamemoria.org/wp-content/uploads/2021/07/fanzine_ZAD_web.pdf)


<sup>2</sup> Sobre esta perspectiva de análise pódese consultar a páxina web de Refuxios da Memoria, un «proyecto de investigación sobre as memorias colectivas acerca do movemento libertario coruñés e a forma en que estas se espacializan no barrio das Atochas – Monte Alto»: <https://www.refuxiosdamemoria.org/>

<sup>3</sup> Sobre este proceso urbanístico pódese consultar o artigo: Botana, Cristina. «A desposesión do común na cidade-mercado». En: *As Atochas. Zona a Defender (ZAD)*. A Coruña: Refuxios da Memoria, 2021: 27-36. Disponible en: [https://www.refuxiosdamemoria.org/wp-content/uploads/2021/07/fanzine\\_ZAD\\_web.pdf](https://www.refuxiosdamemoria.org/wp-content/uploads/2021/07/fanzine_ZAD_web.pdf)

# Roteiro polo barrio das Atochas

## Cuestións urbanas arredor do dereito á cidade

Ergosfera | 25 de setembro de 2021



## 2ª PARADA | RÚA ATOCHA ALTA

- Ámbito de solo urbano abandonado, sen usos formais e pechado desde 2014 cando se derrubaron os tres edificios que o ocupaban entre a rúas Atocha Alta e Pintor Román Navarro. Aínda que na actualidade están unidas (polo que parecen ter a mesma propiedade), segundo o PXOM, as parcelas de dous deles son soares edificables e a outra estaría incluída dentro do ámbito da API Q28. Trátase dun lugar moi frecuentado polos gatos do barrio.

- Nunha das edificacións derrubadas en 2014 estaba situado o antigo CSOA Casa das Atochas (marzo de 2008 - abril de 2011)<sup>4</sup>. Nó urbano cunha intensa actividade sociocultural durante os tres anos que permaneceu aberto ao barrio ata o seu desaloxo policial. Espazo que acolleu unha grande experiencia de agregación popular de persoas e movementos sociais preexistentes para autoxestionar de forma asamblearia un edificio abandonado. Proceso social tamén fundamental para contextualizar o ciclo político 2014-2019 na cidade.

## 3ª PARADA | RÚA DA TORRE

- Reurbanización da rúa da Torre e ampliación das beirarrúas (2018). Exemplo de mellora urbana moi directa que consistiu na eliminación dunha ringleira de aparcadoiro para ensanchar as beirarrúas dunha vía cun tránsito peonil moi intenso pola súa condición estruturante no barrio.

- Violencia mediática sobre unha persoa sen fogar na rúa da Torre (2020-2021). Conflito polo uso do espazo público que derivou nunha campaña da Corporación Voz de Galicia para «retirar» da vía a un cidadán sen fogar que vivía na rúa. Proceso de obxectualización dunha persoa para convertila nunha cousa eliminable e afastar do debate público as causas estruturais e persoais que estaban tras a súa situación de pobreza.

---

<sup>4</sup> Sobre a historia do CSOA Casa das Atochas pódese consultar a reportaxe *A Cultura Preolímpica* (Olholivre, 2008), disponible en <https://vimeo.com/30018597>, e o filme colectivo *A Casa das Atochas* (2011), disponible en: <https://vimeo.com/398626183>

#### 4<sup>a</sup> PARADA | RÚA PINTOR ROMÁN NAVARRO

- Parcela abandonada, sen usos formais e pechada desde hai máis de dúas décadas a pesar da súa situación en esquina xunto á rúa da Torre. Segundo a documentación da API Q28 do PXOM, convertirse en espazo público ao ampliarse á rúa Pintor Román Navarro.

- Rúa Pintor Román Navarro. Rúa sen saída (*cul-de-sac*). Frente á súa identificación como «tapón urbanístico», neste tipo de tecidos e ámbitos da cidade estas formas urbanas teñen un grande valor en termos de complexidade e diferenza urbana (ao contrario,



Colexón na rúa Pintor Román Navarro. Fotografía: Hilda Cuba.

por exemplo, que nunha urbanización residencial monofuncional). Un caso similar pode ser o do estreitamento da travesía de San Xosé, un lugar para o que, ao igual que nesta rúa, é sinxelo imaxinar outras condicións urbanas (de uso do tecido edificado e de urbanización do espazo público) nas que estas singularidades estarían a achegar importantes calidades á cidade. A forma urbana que propón o PXOM vixente (e xa o anterior) coa nova conexión entre a rúa da Torre e a rúa Mondoñedo só é unha das posibles racionalidades urbanísticas aplicables neste lugar: a imaxe actual dun espazo que se conecta coa rúa da Torre dun xeito mínimo para abrirse despois a un espazo interior recollido permite imaxinar moitas más situacións e valores urbanos.

#### 5ª PARADA | RÚA SALGADO SOMOZA

- Rúa ambientalmente empeorada polo aumento da altura das edificacións e na que áinda permanecen pequenas vivendas de mediados do século XX (algunhas delas xa abandonadas e tapiadas). A sobre-edificación experimentada nos tecidos antigos no último terzo do século XX e na primeira década do XXI xerou un problema importante na sección das pequenas rúas dos barrios populares: neste caso, pasando de edificacións de baixo e dúas plantas a outras de baixo e catro, cinco, seis e ata sete plantas.

#### 6ª PARADA | RÚA ZALAYTA

- Edificio residencial de 227 vivendas con «urbanización privada» (2011) construído na parcela onde estaba situado o antigo Asilo Adelaida Muro (1903-2001). Caso de destrucción do patrimonio arquitectónico, despazamento dun servizo esencial como o das residencias de maiores fóra do centro urbano pola presión urbanística e mobilización social moi relevante<sup>5</sup>, pero incapaz de evitar finalmente o proceso. En

---

<sup>5</sup> Pódese consultar o posicionamento do Colectivo R.U.A. de Recuperación Urbana e Ambiental sobre os plans para o Asilo Adelaida Muro, así como o comunicado publicado e algunas das persoas e entidades que o apoíaron, no post «Asilo. A Coruña (1882-2001)», disponible en: <http://sos-monuments.org/old/2011/10/asilo-a-coruna-1882-2001/>

termos socioeconómicos e de dereito á vivenda, o ámbito pasou de ser unha residencia para persoas maiores sen recursos a un complexo residencial denominado «Citania», anunciado como «de luxo» ou «de alto standing» e capaz de producir titulares como «Los pisos más caros de toda A Coruña estarán en Adelaida Muro» (20 minutos, 24/10/2007).

- Hotel DoubleTree by Hilton (2020) instalado no antigo edificio de REE (1992-2018). Transformación urbana que é preciso contextualizar desde tres perspectivas: por unha parte, que Red Eléctrica de España (REE) era unha empresa de capital público maioritario que foi privatizada en 1999; por outra, que a contorna onde aparece este novo hotel de luxo, o barrio de Zalaeta, era coñecido como «Zaraeta» por ser o lugar de residencia de numerosos directivos/as e empleados/as de Inditex, así como do propio Amancio Ortega durante varios anos; e por último, que se trata dese tipo de negocios (un hotel de catro estrelas, o primeiro do coñecido grupo Hilton en Galicia) onde á inauguración, ainda sendo en setembro de 2020 (segunda ola da crise sanitaria), asisten o delegado do Goberno, o presidente da Xunta de Galicia e a alcaldesa da Coruña.

#### 7ª PARADA | PRAZA DO PAPAGAIO

- Operación urbanística do Papagaio (2008). En termos residenciais e de acceso á vivenda, esta transformación implicou a eliminación dun barrio popular (segundo os medios moi degradado, coñecido como o «barrio chino» da cidade e demolido en 1995) e a súa substitución por unha peza urbana con vivendas de prezos inasumibles para as maiorías sociais. Para contextualizar este proceso, pódese mencionar que xa durante as obras do complexo publicábanse titulares de prensa como «El Papagayo, de barrio chino a Urbanización Maravillas» (La Voz de Galicia, 12/04/2004). Neste momento, por exemplo, os tres pisos en alugueiro ofertados<sup>6</sup> no complexo custan uns 12,5 €/m<sup>2</sup> ao mes: 650 €/mes por 52 m<sup>2</sup>, 1.200 €/mes por 95 m<sup>2</sup> e 1.900 €/mes por 150 m<sup>2</sup>. Se se ten en conta que, segundo o IGE, o salario medio en 2019 no municipio da Coruña era de 1.714 €/mes (1.378 €/mes para as persoas menores de 35 anos) e o salario mediano era

---

<sup>6</sup> Vivendas atopadas nos portais de Idealista e Endquiler.

de 1.260 €/mes (1.109 €/mes para as persoas menores de 35 anos)<sup>7</sup>, pódese ver como se trata de vivendas fóra do alcance da maioría das persoas, pois superan amplamente a porcentaxe dun terzo dos ingresos identificada por institucións de todo tipo como o máximo recomendable para gastar no alugueiro residencial.

- Praza central. Ampliación do espazo público con respecto á situación previa (en liña coa lóxica do «crecer para conseguir»). A maior parte da praza está urbanizada sobre espazo privado (centro comercial e aparcadoiro), o que limita certas cuestións como o tipo de vexetación. A pesar da súa complicada accesibilidade polo cambio de cota entre as rúas Panadeiras e Hospital, co paso do tempo xa conta con certa actividade consolidada grazas aos dous locais hosteleiros existentes, un desde 2009 e outro desde 2013, e ao equipamento municipal posto en marcha en 2016.

- Aparcadoiro subterráneo. Oito pisos baixo terra e case mil prazas de aparcadoiro privado no centro urbano. Durante a súa construcción desenvolvérónse moitas protestas veciñais, xa que xerou varios problemas nas vivendas que o rodean (ruídos, vibracións, grietas, etc.). Retrato do modelo de mobilidade urbana e da idea de escala durante a burbulla inmobiliaria.

#### 8<sup>a</sup> PARADA | RÚA PANADEIRAS

- Posible conexión entre a rúa Panadeiras e San Agustín baixo un edificio privado (o número 19 da rúa Panadeiras). Segundo as últimas novas na prensa<sup>8</sup>, a posibilidade de que o Concello merque todo o edificio (propiedade do Arcebispado de Oviedo) foi praticamente desbotada polo actual goberno municipal, pero o que si se formula é a creación dun paso baixo o edificio, xa que a súa parcela chega ata

---

<sup>7</sup> Datos reelaborados a partir dos disponibles no «Estudo de salarios. Salarios nos sete grandes concellos galegos» (IGE, 2021). Para transformar os datos recompilados neste documento da unidade €/hora á unidade €/mes, multiplicouse o dato en €/hora por 168 horas/mes (21 xornadas laborais de 8 horas ao mes).

<sup>8</sup> «Urbanismo inicia otra vía para unir Panaderas y San Agustín». La Voz de Galicia, 17/01/2020. Disponible en: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2020/01/17/urbanismo-inicia-via-unir-panaderas-san-agustin/00031579264476040142108.htm>

á rúa Pío XII e a metade dela non está edificada, polo que é o único punto onde esta conexión sería sinxela. O contexto deste hipotético novo paso é tamén o proceso de reurbanización da contorna do mercado de San Agustín que está en marcha na actualidade. O problema é que, en 2021, a cidadanía segue sen contar con ferramentas para analizar e avaliar a escala dos procesos de xentrificación que poden vehicular estas transformacións de mellora urbana. E sen contar con datos precisos que corroboren as hipótesis respecto aos procesos de desprazamento social neste tipo de operacións (debido á captura pola clase rentista das plusvalías xeradas pola acción pública mediante o aumento dos prezos do alugueiro), é difícil prevelos e tomar medidas para evitálos.

- Catro edificios construídos entre 1970 e 1980 (os números 10-8, 17 e 22-20 da rúa Panadeiras e o número 39 da rúa Varela Silvari) que supuxeron duplicar a altura de cornixa orixinal, pero que polo menos achegaron un soportal que ampliou e complexizou sensiblemente o espazo público da rúa Panadeiras. Aínda que sexa mínima, é preciso contextualizar esta achega mencionando que moitas outras rúas da Coruña experimentaron os mesmos incrementos de altura, pero non este pequeno intercambio coa cidade.

#### 9<sup>a</sup> PARADA | CAMPO DA LEÑA

- Atalaia de San Roque ou lágrima do Campo da Leña. Espazo no que estaba situada a capela de San Roque ata que foi demolido en 1947 e que hoxe está ocupado por un exemplo de arquitectura híbrida, proxectada por Santiago Rey Pedreira, de pequenos locais comerciais baixo un espazo público. Na actualidade, a maioría dos locais municipais están abandonados e sen uso nun caso claro de desleixo institucional: a concesión dos locais do edificio expirou en 2005<sup>9</sup> e desde entón o Concello busca un uso para eles (só dous negocios seguen en funcionamento hoxe en día).

---

<sup>9</sup> «Un limbo que dura 14 años». La Opinión A Coruña, 25/09/2019. Disponible en: <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2019/09/25/limbo-dura-14-anos-23694330.html>



Atala de San Roque ou lágrima do Campo da Leña. Fotografía: Hilda Cuba.

- Graderío do Campo da Leña (2011). Exemplo de pequeno espazo urbano contemporáneo que é capaz de asumir usos cotiás diversos e actividades colectivas esporádicas xa de certa complexidade.

#### 10º PARADA | PRAZA FONTE SEOANE

- Praza continuamente en sombra debido ao aumento de altura das edificacións.

- A mazá que xera principalmente esta situación é moi representativa da historia urbanística do barrio, pois está composta por edifi-

cacións moi diferentes: por unha parte, as dúas construcións que máis contribúen ás malas condicións ambientais da praza, un edificio enorme de 1971 que ocupa máis da metade da mazá e que ten baixo e quince plantas e un edificio de 2006 que pecha a praza polo sur e que ten baixo e nove plantas; e por outra parte, dous edificios dos anos sesenta de baixo e cinco plantas, un edificio de 1945 de baixo e catro plantas e dous edificios de 1908 de baixo e dúas plantas. Só a lóxica da «xustiza catastral» e a idea estética da igualación de cornixas poden explicar que o PEPRI de 2015 permita aumentar tres pisos nestes dous últimos edificios, xa que desde a perspectiva urbana achegan dous valores moi salientables no seu estado actual: por unha parte, as condicións urbanas e ambientais diferenciais que convoca o pequeno en comparación ás grandes pezas que os rodean (tanto os edificios comentados na súa propia mazá, como o acuartaleamento de Atocha ou o edificio entre o Campo da Leña e a praza das Atochas); e por outra, o seu valor patrimonial e histórico non só non se devaliou coas construcións que os rodean, senón que agora, ademais, forman parte dun conxunto que explica nunha ollada máis dun século de historia do tecido edificado da cidade. A imaxe da mazá fronte a eses dous edificios rodeados de construcións de alturas, datas e estilos arquitectónicos diferentes é un espectáculo que permite avaliar as formas de construir a cidade e que esas tres plantas de más estragarían notablemente.

- Soar ou parcela na esquina entre a rúa e a travesía Atocha Baixa cunha edificación precaria, cun grao de ruína e de uso descoñecidos, pero con aspecto de abandonada desde hai máis dunha década. Espazo más soleado da praza no que é sinxelo imaginar unha grande cantidade de usos que non pasen pola súa consideración como soar e a súa edificación convencional: esa pequena construcción nunha parcela con espazos libres e rodeada (protexida) por medianeiras permite imaginar desde centros sociais de todos os tipos (da máxima autoxestión á máxima institucionalización), ata locais de hostelería (tamén de todas as clases), pequenos equipamentos ou un espazo público temporal. Desde o punto de vista dos usos formais<sup>10</sup>,

---

<sup>10</sup> Pódese consultar unha análise dos usos e dos espazos informais derivados do ciclo urbano en: Carro, Iago / Ergosfera. «O ciclo urbano: sempre vida útil». En: As Atochas. Zona a Defender (ZAD). A Coruña: Refuxios da Memoria, 2021. Disponible en: [http://www.ergosfera.org/archivo/txt/ciclo\\_urbaño.html](http://www.ergosfera.org/archivo/txt/ciclo_urbaño.html)

un sistema económico e urbanístico que promove o abandono e o desuso deste tipo de espazos, en lugar do aproveitamento das súas condicións singulares, é un sistema que só pode ser calificado, como mínimo, como moi ineficiente.

#### 11<sup>a</sup> PARADA | AVENIDA DO METROSIDERO

- Acuartelamento de Atocha (1864). Peza urbana de grande escala que, estexa ou non infrautilizada (como parece, aínda que o neguen os seus responsables<sup>11</sup>), o que semella incuestionable é que o exército experimentou un cambio organizativo que tamén se notou no funcionamento destas instalacións, hoxe convertidas principalmente nun grande complexo de oficinas no que, por exemplo, o espazo libre interior foi progresivamente ocupado por aparcadoiro nas últimas décadas. As dimensións do acuartelamento o convirten nunha importante barreira urbana en pleno centro da cidade, polo que parece necesario que o Concello comece a negociar co Ministerio de Defensa e a formular hipótesis de transformación do ámbito nun espazo-rótula entre os barrios das Atochas e da Cidade Vella.

- Soares da Maestranza. Un soar baleiro, sen usos formais e pechado (de forma lineal e situado xunto á RSD Hípica) e dous soares en desenvolvemento urbanístico (actualmente tamén baleiros, sen usos formais e pechados) vendidos polo Ministerio de Defensa a unha promotora inmobiliaria en 2020. Ao igual que nos terreos portuarios ou no antigo cárcere, este caso representa moi ben o carácter de institucións como o INVIED (Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa) que, a pesar de ser entidades públicas, interveñen nas cidades como operadores inmobiliarios privados con obxectivos moitas veces ou sempre en contra do interese xeral da cidadanía (privatización de solo previamente público, interpretación das normativas e lexislacións para obter edificabilidade e plusvalías máximas, desatención da responsabilidade de mantenemento de importantes arquitecturas patrimoniais, etc.). Mención es-

---

<sup>11</sup> «La Fuerza Logística Operativa va a seguir necesitando Capitanía y Atocha». La Opinión A Coruña, 13/06/2020. Disponible en: <https://www.lopinioncoruna.es/coruna/2020/06/13/fuerza-logistica-operativa-seguir-necesitando-23507221.html>

pecial merece o detalle do peche dos tres soares realizado en 2016 (ata ese momento eran espazos empregados como aparcadoiro informal pola veciñanza da Cidade Vella), pois no momento pareceu unha simple acción de castigo ao goberno municipal que estaba intentando paralizar a venda e a construcción deses terreos (que teñen ademais restos patrimoniais do sistema de murallas da cidade) en contra dos intereses do INVIED. Unha boa parte da veciñanza da Cidade Vella, a Comisión Aberta en Defensa do Común<sup>12</sup> e partidos políticos como a Marea Atlántica e o BNG levan anos reclamando a devolución gratuita destes terreos ao Concello, unha titularidade municipal hoxe lonxe de ser posible tras a venda de dous dos soares e o inicio dos trámites administrativos e urbanísticos para o seu desenvolvemento.

- Complexo da antiga Comandancia Militar de Obras da Coruña. Equipamento municipal pechado (aínda non inaugurado nin rematado) no lugar onde estaba o antigo CSOA A Insumisa (novembro de 2016 - maio de 2018). Ainda que este proceso de transformación urbana hai que avalialo desde moitas perspectivas<sup>13</sup> (aínda se están a sentir as consecuencias xudiciais para a cidadanía que liberou o espazo, pero tamén as políticas para o partido que estaba gobernando cando se eliminou), non se pode deixar de analizalo desde a perspectiva da racionalidade na xestión urbana, é dicir, da destrucción intencionada dun ano e medio de traballo de rehabilitación popular dun espazo para abrilo ao uso común e que, tres anos e medio despois do desaloxo policial que rematou cunha riquísima experiencia de autoxestión urbana, a cidadanía ainda non poida entrar nas naves. Desde outra perspectiva moi diferente, pero ao igual que no caso da Casa das Atochas, este proceso social tamén é moi importante para contextualizar o ciclo político 2014-2019 na cidade. Por último, na mesma parcela tamén existe outro caso de desleixo institucional

---

<sup>12</sup> Na páxina de Facebook da Comisión Aberta en Defensa do Común pódese consultar o traballo desta plataforma en favor da devolución gratuita destes tres soares ao Concello: <https://www.facebook.com/comisionecomun/>

<sup>13</sup> Pódense consultar dúas análises sobre este centro social okupado e autoxestionado en: Carrasco, Iago / Ergosfera. «CSOA A Insumisa: Actualidade, necesidade, continuidade». O Salto Galiza, 16/01/2018. Disponible en: <https://www.elsaltodiarrio.com/ocupacion/cso-a-insumisa-actualidade-necesidad-continuidad/>; e en: Carrasco, Iago / Ergosfera. «CSOA A Insumisa: Pasado, continxencias, futuro». O Salto Galiza, n.º 15 (2018): 15-16. Disponible en: <http://ergosfera.org/blog/?p=5984>

co patrimonio arquitectónico: un edificio racionalista abandonado e en ruína (cedido polo Ministerio de Defensa ao Concello en 2018) e no que o Concello e a Xunta anunciaron a posible construción dun albergue para peregrinos.

## 12<sup>a</sup> PARADA | RÚA ATOCHA BAIXA

- Rochas da praza Juan Manuel Iglesias Mato. Espazo público inaugurado en 2011 tras o derrubo de dúas edificacíons e que, ao ter integrado as rochas existentes na nova urbanización, apela a varias cuestións relevantes en relación á forma, a función, a materialidade e a memoria do espazo urbano, pero tamén á xeografía do territorio onde se sitúa.

- Conflito pola intensidade de uso da rúa San Xoán. Proceso de consolidación dun ámbito onde se concentran moitos locais hosteiros e persoas na rúa, unha realidade molesta para unha parte da veciñanza do barrio, principalmente polo ruído e suciedade xerada. Máis alá das lóxicas policiais e xurídicas, desde que outras perspectivas ou saberes se poderían facer achegas á xestión deste tipo de situacíons urbanas? Por pensar nun dos problemas concretos, a limpeza viaria, por que non reaccionar ante un uso público desta intensidade como cando a orixe da reunión popular é un evento formal organizado? É dicir, mediante a co-responsabilidade do Concello e os negocios da rúa implicados para a instalación de máis papeleiras e aseos portátiles nos momentos de concentración de xente (neste caso, os domingos). O mesmo se podería dicir das reunións xuvenís masivas coñecidas como «botellón», unha realidade ante a que as administracíons só están a empregar a cultura da prohibición e a xestión policial, cando desde a perspectiva sociolóxica e urbana está claro que se trata dun proceso social con moiísimos valores e cunha grande singularidade histórica: un rito popular de periodicidade semanal non mediado polas institucións públicas nin polo mercado (máis alá de indirectamente polos establecementos de venda e as marcas de bebidas alcohólicas), non publicitado nin recomendado polos medios masivos e non vinculado a ningún tipo de evento puntual (un festival, un concerto, unha festa tradicional, etc.). Por moitos grandes e pequenos conflitos que aparezan, unha utilización masiva

do espazo público de xeito popular non pode ser tratada de ningún modo como un simple motivo de preocupación que se pode eliminar, senón como algo a celebrar e a xestionar.

### 13ª PARADA | RÚA MONTROIG

- O punto de encontro das rúas Montroig e Orillamar é un lugar idóneo para falar da comunicación informal nas cidades, xa que alí se podían observar tres pezas que, en conxunto, permiten entender os valores sociais dos diferentes formatos expresivos que dan vida as paredes das rúas: unha fachada completamente pintada cun mural realizado por Yoe e Infamous Bure de Concepto Circo («Coruña á vista», 2018), unha pintada co lema «Elviña Non Se Vende, Ofimático Solución» (2015/16-2020)<sup>14</sup> e unha firma ou tag sen identificar e de cor amarelo no centro dunha porta de garaxe negra (2016/17-2019/21)<sup>15</sup>. Tres formatos de igual lexitimidade en termos urbanos, xa que as súas achegas son tan diferentes como complementarias e enriquecedoras<sup>16</sup>, pero nunha situación moi asimétrica desde a perspectiva xurídica. A actualidade do caso Xerión, no que incluso unha obra moi ben valorada maioritariamente pola opinión pública está a ser perseguida e eliminada polo Concello, pon de manifesto que as formas de expresión e comunicación urbana informais só están a ser comprendidas como un problema de orde pública, tanto desde as administracións como desde os medios de comunicación masivos e boa parte da poboación. Porén, as paredes da cidade, o límite material entre o público e o privado, son un espazo en disputa que ben podería ser considerado un común urbano.

---

<sup>14</sup> Cando no texto se definen dúas datas con este formato (XXXX/XX) significa que se desconoce o dato exacto, pero que a través das imaxes de Google Street View ou doutras fontes pódese determinar ese período aproximado.

<sup>15</sup> Como se pode observar nas datas das pezas mencionadas, dúas delas xa desaparecerán no momento no que se realizou o roteiro (así como apareceron outras), pero pódese consultar o estado do lugar que se pensaba comentar coa imaxe de agosto de 2019 disponible en Google Street View.

<sup>16</sup> Pódese consultar unha análise das pintadas e graffitis como forma de comunicación urbana en: Carro, logo / Ergosfera. «La comunicación informal en la ciudad: ¿sueñan los graffitis con ser pintadas?». En: Quiroga, Fran (coord.). *La fiesta, lo raro y el espacio público*. A Coruña: Barlebooth, 2019. 129-147. Disponible en: [http://www.ergosfera.org/archivo/graffitis\\_pintadas.html](http://www.ergosfera.org/archivo/graffitis_pintadas.html)

- A presenza de dous edificios adiantados con respecto á alineación actual da rúa Montroig (os números 10 e 12, ambos de 1945) está na orixe, pero non na xustificación, dun conflito no uso do espazo público en termos de accesibilidade, xa que nese tramo as dúas beirarrúas son moi estreitas (menos dun metro) a pesar de dispoñer dunha ringleira de aparcadoiro, polo que se trata dun caso no que se materializa o dominio do tráfico rodado sobre a mobilidade peonil e a das persoas con diversidade funcional.

#### 14ª PARADA | RÚA TUI

- Dous soares en esquina abandonados, sen usos formais e pechados desde hai case unha década. Cal é a función social da propiedade neste sistema de xestión do solo urbano? Por outra parte, no PXOM de 1998 permitise unha altura de baixo e seis plantas nestes soares, mentres que no PXOM de 2013 a altura da edificación depende do ancho da rúa, polo que é posible que sexa menor. Se isto é así, podería darse o caso de que a propiedade do solo decidise esperar a unha futura modificación do PXOM coa esperanza de que se retome o modelo anterior, é dicir, especular co solo. Sen ter que pensar en cuestións más incisivas respecto a ese suposto dereito á especulación (recórdese que a Constitución establece no seu artigo 47 que o dereito á vivenda se fará efectivo «regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación»), o que non parece moi complicado é xestionar este tipo de espazos doutro xeito para asegurar que neses anos ou décadas podan acoller usos urbanos de todo tipo.

- Metrosidero situado no interior do cuartel da Policía Local. Árbore máis antiga da cidade, pero cunha orixe ainda non esclarecida. Especie orixinaria de Nova Zelandia e exemplar para o que polo de agora non existe unha datación amplamente recoñecida pola comunidade científica, xa que hai varias teorías para explicar a súa aparición sendo un elemento tan exótico: desde as que falan dunha antigüedad de pouco máis de 100 anos, ata as que a datan en 250 anos e incluso unha que considera posible que teña máis de 400 anos. En todo caso, trátase dunha árbore enorme e espectacular que podería facer máis cidade e ser moito máis percibible desde a rúa

Miguel Servet simplemente reformulando o peche do complexo da Policía Local.

#### 15<sup>a</sup> PARADA | RÚA MARCONI

- Centro Social Gomes Gaioso. En funcionamento desde 2008, pero pechado cautelarmente desde maio de 2021 por orde do Concello debido, segundo a prensa, a un problema burocrático: non ter a declaración responsable das actividades que se desenvolven no local<sup>17</sup> ou ser considerados un bar pola policía e non ter, polo tanto, licenza para desenvolver esa actividade<sup>18</sup>. Polo comunicado publicado pola asociación<sup>19</sup>, parece que se trata dun caso de incomprendición institucional e de aplicación das normativas administrativas de xeito insensible aos problemas que podan xerar na autoxestión dos centros sociais populares. Unha vez máis, é necesario preguntarse se é racional que as institucións públicas traten dun xeito tan agresivo e desconfiado ás iniciativas autónomas que agroman nos barrios. Unha situación que é preciso contextualizar coa doutros países como Italia, onde moitos destes problemas administrativos (desde os más básicos como as formas de autofinanciamento a través da venda de bebida e comida, ata os más complexos como a responsabilidade asamblearia ou colectiva) están a ser abordados e superados grazas ao recoñecemento dos comúns urbanos nos últimos anos<sup>20</sup>.

- Espazo libre en esquina que, grazas á configuración da súa contorna edificada, conta cunhas interesantísimas calidades urbanas e unhas condicións ambientais singulares neste denso tecido, como

---

<sup>17</sup> «O Concello da Coruña clausura o centro social Gomes Gaioso de maneira cautelar». Nós Diario, 07/05/2021. Disponible en: <https://www.nosdiario.gal/árticulo/social/concello-da-coruña-concello-centros-social-gomes-gaioso-maneira-cautelar/2021050721030621106.html>

<sup>18</sup> «Que quere facer Inés Rey co Gomes Gaioso?». EntreNós, 21/07/2021. Disponible en: <https://www.entrenosdigital.com/árticulo/coruna-viva/que-quere-facer-ines-rey-co-gomes-gaioso/20210721225125012197.html>

<sup>19</sup> Centro Social Gomes Gaioso, 08/07/2021. Disponible en: <https://www.facebook.com/Gaioso/posts/3089337214670484>

<sup>20</sup> Pódese consultar unha introducción aos comúns urbanos na páxina web do proxecto «El mundo de los comunes. Contexto para una investigación sobre los comunes urbanos» (Ergosfera, 2019-2020); <http://www.ergosfera.org/archivo/comunes/>

un importante soleamento. En termos formais e de complexidade urbana, o espazo está conformado por un lateral de edificacións dos anos 40 de baixo e dúas ou tres alturas e con actividade nas plantas baixas (a rúa Marconi); un lateral materializado por un edificio de baixo e oito plantas (o número 4 da rúa Marconi), pero que ao ter un retranqueo en altura e contar cun bar-restaurante na planta baixa e unha terraza na súa cuberta, xera un ambiente moi urbano e agradable; e un lateral que conforma o ensanchamento do cruce das rúas Marconi e Mondoñedo e que conta cun espazo protexido por unha medianeira e outro a cuberto baixo o beiril do edificio do número 6 da rúa Marconi. A convención da inexistencia de garaxes na maioría dos edificios do barrio, a dependencia do automóbil de moitas persoas traballadoras e o consenso do século XX de que o espazo público pode ser un lugar de almacenaxe de vehículos privados é o único motivo que pode explicar que este lugar estea só empregado como aparcadoiro na actualidade.

## 16<sup>a</sup> PARADA | RÚA MONDOÑEDO

- Varias edificacións abandonadas e tapiadas na rúa Mondoñedo, así como na rúas Covas e San Lorenzo. Unha situación na que semella máis importante impedir que algúna persoa faga uso destas construccóns que evitar o seu desuso, deterioro e ruína. Como se comentou anteriormente, sen nin sequera ter que mencionar algo tan básico (pero disputado políticamente) como a función social da propiedade, entre o seu uso formal e a apostila polo seu desuso (incluso imposibilitando intencionadamente os usos informais) teñen que existir puntos intermedios más reconciliables coa racionalidade e a eficiencia urbana. Tapiar unha edificación non debería ser unha posibilidade e, de seilo, debería ser a última das posibilidades. Por moito que se obstinen os gobernos estatal, autonómico e municipal ou a Corporación Voz de Galicia, a ocupación e a okupación de edificios abandonados é máis humano e racional que o seu estado baleiro. E se as institucións públicas non o entenden polo de agora deste xeito, polo menos poderían avanzar decididamente na apertura e o fomento doutras posibilidades previas ao seu tapiado. Tanto poñendo en práctica esa sempre idealizada colaboración público-privada (por que non son estes os casos onde traballar esta relación e non

só cando se quere privatizar algún recurso público de xeito sutil?), como avanzando nas modificacións legais e normativas necesarias para que o uso temporal do abandonado por parte da cidadanía e das administracións públicas sexa o máis natural e sinxelo posible.



Praza Cantigas da Terra, Atocha Alta. Fotografía: Hilda Cuba.

**Desde a perspectiva máis popularizada**, o concepto de dereito á cidade sintetiza múltiples reclamacións arredor doutros dereitos más e menos concretos. Cada unha das situacións urbanas comentadas durante o roteiro participan do debate sobre algunha destas cuestións: o dereito á vivenda, á accesibilidade universal, á un modelo

de mobilidade sostible, ás boas condicións ambientais dos espazos públicos e privados, á biodiversidade, á memoria popular, á conservación do patrimonio, á autoxestión cidadá, a habitar a rúa, á reunión masiva, á expresión e á comunicación popular nas paredes da cidade, ao uso do patrimonio público e privado abandonado para obedecer o mandato constitucional da función social da propiedade<sup>21</sup>, á centralidade urbana, á vinculación co territorio ou á diversidade formal e funcional dos espazos públicos.

Como no resto de barrios da cidade, As Atochas está a experimentar procesos urbanos e urbanísticos que tenden a asegurar ou a limitar estes dereitos. Neste sentido, este mapa só pretende axudar a identificar situacións e elementos urbanos presentes na vida cotiá da veciñanza que, más que realidades incuestionables e espontáneas (ou, polo menos, das que non se poden recoñecer as causas e as consecuencias), son cuestións perfectamente debatibles, continxentes e vinculadas a procesos urbanos e históricos determinados.

Ao igual que no caso dos comúns urbanos, desde comezos deste século, o concepto de dereito á cidade está a ser estudiado e teorizado cunha enorme intensidade a nivel global. En ambos casos, desde perspectivas disciplinares e ámbitos sociais diversos, aínda que, principalmente, desde o mundo académico e os movementos sociais. Neste caso, ademais de centos de artigos e traballos universitarios publicados cada ano, entre 2004 e 2005 redactouse a Carta Mundial polo Dereito á Cidade, desde 2007 existe nos EE.UU. a Alianza Nacional polo Dereito á Cidade, desde 2014 funciona unha Plataforma Global polo Dereito á Cidade e, hoxe en día, institucións como ONU-Hábitat falan do dereito á cidade como un concepto chave para a súa actividade. Resumindo moito, poderíase dicir que desde esta perspectiva trátase dun concepto que busca asegurar o cumprimento dos dereitos humanos nos ámbitos urbanos onde se concentra cada vez unha maior porcentaxe da poboación humana, traspoñendo, concretizando ou ampliando estes dereitos para a vida urbana.

---

<sup>21</sup> Idea de Nicola Capone (L'Asilo, Nápoles) comentada durante o desenvolvemento do obradoiro «*Omnia Sunt Communia*» (Bari, 15-19 de setembro de 2021): «A función social da propiedade reconocida en tantas constitucións en Europa e no resto del mundo fai que o uso cívico dos espazos abandonados ou sen uso sexa un auténtico mandato constitucional» (17/09/2021).

Por outra parte, na obra xa clásica que introduce a idea, *O dereito á cidade* (1968), Henri Lefebvre realiza unha revisión conceptual e un traballo analítico da historia, a estrutura e a forma da cidade moderna tras o proceso de industrialización, polo que o concepto se inscribe nunha teoría moi ampla e relacionada coa emancipación das lóxicas urbanas capitalistas e coa democratización da cidade a partir da crítica e da desconfianza ante o papel do estado e do mercado no proceso de urbanización.

O concepto non ten, por tanto, unha aspiración normativa en tanto que dereito formal recoñecido e son moi poucas as veces que Lefebvre se refire explicitamente ao dereito á cidade no libro, polo que a definición orixinal do termo quedou certamente aberta. Porén, se hai unha cuestión destacable nesta primeira interpretación do concepto de dereito á cidade (además de que non se pode disociar da crítica e superación do capitalismo) é a súa total relación co uso, co facer, coa cidade como producción social e co paso dunha realidade urbana na que prima o valor de cambio a outra baseada no valor de uso.

Así, partindo de que o dereito á cidade «só pode formularse como dereito á vida urbana»<sup>22</sup>, Lefebvre reclama «a proclamación e a realización da vida urbana como reino do uso (do cambio e do encontro desprendidos do valor de cambio)», unha cuestión que concreta un pouco más cando relaciona o dereito á cidade co dereito «aos lugares de encontros e cambios» e «aos ritmos de vida e empleos do tempo que permiten o uso pleno e enteiro destes momentos e lugares» e, sobre todo, cando remarca que «o dereito á obra (á actividade de participante) e o dereito á apropiación (moi diferente do dereito á propiedade) están imbricados no dereito á cidade».

Vida urbana, uso, obra e apropiación son categorías de acción. Quen ou que está a representar esta conceptualización do dereito á cidade? Quen vive xa no «reino do uso»? No caso deste roteiro polas Atochas, pódese pensar nos gatos que descansan e comen nos soares baleiros, as pombas que habitan nas edificacións tapiadas, as persoas que «paran» nun lugar cada día para pasar o tempo obser-

---

<sup>22</sup> Lefebvre, Henri. *El derecho a la ciudad*. Barcelona: Ediciones Península, 1969. [1ª ed.: *Le droit à la ville*. París: Editions Anthropos, 1968.]

vando, falando, xogando ou facendo calquera outra actividade considerada improdutiva, as obras das persoas que pintan nas paredes do barrio, as beirarrúas ampliadas para reequilibrar a relación entre a mobilidade motorizada e a peonil, as pequenas vivendas que resisten nunha trama sobre-densificada, os espazos urbanos que vehiculan actividades colectivas, as rochas e ás árbores que convocan á xeografía e á historia da cidade, as persoas que ocupaban a rúa porque non tiñan outro lugar mellor para vivir, as que loitaron contra a ditadura e foron represaliadas no barrio, as que se mobilizaron pola permanencia do Asilo Adelaida Muro ou as que liberaron espazos abandonados para reconvertislos en centros sociais autoxestionados.

Na súa revisión do concepto, David Harvey (2008) salienta que «o dereito á cidade é moito máis que a liberdade individual de acceder aos recursos urbanos»<sup>23</sup>, xa que «se trata do dereito a cambiarnos a nós mesmos cambiando a cidade», unha transformación que «depende inevitablemente do exercicio dun poder colectivo para remendar os procesos de urbanización».

Entre as pequenas conquistas e conflitos representados nas situacións urbanas comentadas nas Atochas e as ideas e aspiracións sobre o dereito á cidade de investigadores como Lefebvre ou Harvey, dos movementos sociais ou das novas organizacións internacionais, existen fios moitas veces invisibles. Aí está, quizáis, o valor da cartografía e do paseo urbano, como ferramentas para recoñecer eses fios e para comezar a imaxinar a composición da colectividade que asegure a producción social da cidade.

---

<sup>23</sup> Harvey, David. «El derecho a la ciudad». *New Left Review*, Nº 53 (2008): 23-39. Disponible en: <https://newleftreview.es/issues/53/articles/david-harvey-el-derecho-a-la-ciudad.pdf>

## LUIS DOPICO. ASOCIACIÓN VECIÑAL OZA-GAITEIRA-OS CASTROS

---

Luis fala como membro da asociación veciñal e como traballador da pesca que foi toda a súa vida.

Desde a asociación veciñal levan anos defendendo que, con respecto á planificación no borde do litoral, a veciñanza non ten por que asumir débedas contraídas por outras entidades ou, ao menos, a administración non debe pagalas con cartos públicos. Sinalan unha situación que consideran irregular porque se está a falar de pagar uns terreos que, consideran, nunca deixaron de ser públicos.

Tamén critican a actitude das institucións implicadas no proceso da venda do porto no seu diálogo coa veciñanza, que parte dunha decisión tomada previamente e que non ten en conta as súas demandas.

"Nós dicimos que eses terreos son públicos e, polo tanto, teñen que ter un uso público. O primeiro que teñen que pensar, antes de facer un *pelotazo*, ou como lle queiran chamar, é ver que se pode facer con eles. Eu creo que se pode manter toda esta pequena industria que hai porque, que eu sepa, a Lonja non teñen pensado [...] botala de aquí. [...] E todos esos talleres, empresas pequenas, todo ten que seguir, ese tejido industrial de empleo ten que seguir".

Dentro do barrio, a asociación veciñal Oza Gaitera Os Castros tamén traballa para que os espazos públicos se destinen a usos que recollan os intereses e necesidades da maior parte posible da veciñanza para que sexan, efectivamente, públicos.

## TORCUATO TEIXEIRA. AVOGADO ESPECIALISTA EN ECONOMÍA PESQUEIRA.

---

Torcuato Teixeira traballa na Organización de Produtores Pescagalicia, na Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social e na Lonxa da Coruña. Como resposta á pregunta de se o espazo urbano é undereito ou unha mercadoría, Torcuato acode ás palabras de Michael J. Sandel, catedrático de filosofía política na Universidade de Harvard, no seu libro de 2012 *O que o diñeiro non pode mercar. Os límites morais do mercado*:

"Algunhas das cousas boas da vida son corrompidas ou degradadas se as convertemos en mercadorías. Así, para decidir cal é o sitio do mercado e como mantelo a distancia temos que decidir como valorar os bens en cuestión: a saúde, a educación, a vida familiar, a natureza, a arte, os deberes cívicos, etc. Trátase de cuestións políticas non meramente económicas. Para resolvelas, temos que debater caso por caso o significado moral destes bens e a maneira axeitada de valoralos. Este é un debate que non tivemos durante a era de triunfalismo do mercado e o resultado foi que, sen darnos conta, sen decidilo, pasamos de ter unha economía de mercado a ser unha sociedade de mercado."

Neste sentido, debemos ter certas precaucións sobre aqueles bens ou outros aspectos da nosa vidas nas que o mercado quere meter as súas mans e resultan incompatibles con el.

Torcuato participa no debate aberto sobre a que se dedicarán os peirao que van quedar liberados cando remate o traslado ao porto exterior moitas das actividades que agora teñen lugar neles.

"Considerar eses espazos como mercadorías sería corrompelo e degradalo, como di este autor (Sandel). Creo que deben ser eses espazos [...] para o desenvolvemento da cidadanía, desde un punto de vista social, cultural, de convivencia, para interactuar entre todos, de desfrute da natureza [...]."

Ademais, a cidade da Coruña ten a singularidade de contar cunha das lonxas más importantes de Europa en descarga de pesca fresca, que durme polo día pero durante a noite é un fervedoiro de actividade. É un edificio de 400 m de longo e 8000 m<sup>2</sup> de salas de exposición para a venda de peixe cun impacto social importante, no que se expiden acreditacións para unhas 2500 persoas usuarias directas -ademas de todas as actividades indirectas vinculadas-. Esta actividade depende da posición estratéxica da lonxa actual e incluso dos posibles crecementos, que deben ser previstos.

Un dos usos dos novos espazos nos peirao debería poder ser, segundo Torcuato, un museo da pesca que recupere a memoria deste sector vinculado á Coruña e salde a débeda histórica da cidade con el. Tamén defende a creación dunha residencia pública aberta ao mar, xa que a Coruña, ao igual que o resto de Galicia, ten un gran déficit de prazas no sistema público de residencias.

"A liberación dos peirao é unha gran oportunidade para transformar a cidade. Transformar a cidade desde unha perspectiva de ben común e interese xeral."

É importante non ter medo a xerar debate e movernos para conseguir unha Coruña máis sostible e razonable.

**PABLO LEIRA.**  
**ASOCIACIÓN VECIÑAL FRANCISCO RODRÍGUEZ OTERO**

---

A AVV Francisco Rodríguez Otero inclúe Labañou, Cidade Escolar, San Roque de Fóra e unha parte de Los Rosales. Cando a nova directiva chegou á asociación, a través dos obradoiros de memoria histórica que se fixeron, Pablo descubriu como o antigo barrio de San Roque de Fóra tiña moitas semellanzas coa súa aldea, na contorna da Coruña. Co paso do tempo, tanto nas aldeas de Culleredo como o seu barrio na cidade os terreos fértils foron sendo ocupados por edificacións, as últimas en Los Rosales, nos anos 90, e deixando libre até o día de hoxe a gran parcela urbana das Percebeiras.

Este espazo é o maior baleiro urbano entre a Torre de Hércules e o Obelisco Millenium, e ten unha das mellores vistas á Torre desde dentro da cidade.

Houbo diferentes proxectos para esta parcela, empezando por un conxunto de torres, unha delas con 47 plantas, con forma de percebes. No momento en que se fixo a última proposta, esta sorprendeu á asociación

"Nós sabíamos que en calquera momento podía aparecer un proxecto para ocupar o espazo, pero se cadría [...] non esperabamos tanta edificabilidade. Cando o vimos levamos as mans á cabeza, os veciños e veciñas puxéronse en contacto con nós e intentámos organizarnos e intentar ver como se lle podía dar a volta a este proxecto."

Presentaron unha alegación, asinada por máis de 50 asociacións da cidade, ao documento ambiental estratéxico elaborado pola Xunta de Galicia para este proxecto. Moitas delas eran do propio barrio. Nesta alegación recollíanse diferentes argumentos. Entre eles, a inexistencia de demanda de vivenda nova nunha cidade con cifras poboacionais moi por debaixo do crecemento previsto no Plan Xeral, e incluso con tendencia ao decrecemento. Por outra banda, a presencia evidente de vivendas baleiras en moitas zonas da cidade.

"Preguntabámonos se realmente era necesario, respondendo á pregunta da charla, se era necesario ocupar esta parcela e construír aí ou había algo que fose más útil para a cidade. E na Coruña viamos que faltan espazos verdes, e iso que está o parque de Bens, que nos últimos anos maquilou un pouco os espazos verdes da Coruña. Estamos por debaixo do que recomenda a UE e entón nos parecía que, se o Concello non actuaba, era unha oportunidade perdida."

Tamén defendían o bordo do litoral e a fachada marítima como símbolos de identidade da cidade. Os bloques previstos de ata 13 pisos e baixo-cuberta taparían completamente o barrio popular de María Pita, formado por edificios de 3 plantas e baixo-cuberta, e distorsionarían as vistas a Torre de Hércules.

Propoñíase na alegación unha modificación puntual do PXOM e non aprobar o documento en trámite, solicitude que non foi atendida nin pola administración local nin pola autonómica.

Nestes momentos, o proxecto está en trámite no Concello e a intención da asociación veciñal é alegar de novo na fase de exposición pública e incluso chegar á vía xudicial se isto non resulta e hai suficiente implicación veciñal.



## **SEGUNDA XORNADA: ORGANIZACIÓN E AUTODEFENSA**

setembro 2021 | Lugar: A Tobeira de Oza

**Na segunda xornada convidamos a colectivos que levan tempo traballando, en diferentes lugares do Estado español, sobre como se organizar desde o apoio mutuo e defender os dereitos relacionados co acceso a unha vivenda e o habitar en xeral.**

En relación coa militancia, faláronos de quen son, como se relacionan para non caer no asistencialismo e mais como conseguén os recursos para que o proxecto perdure no tempo.

Tamén conversaron sobre o seu xeito de organización interna, as comisións ou grupos de traballo que os integran e como se toman as decisións neles.

En canto á comunicación, dixéronnos como fan chegar o seu discurso e a través de que medios, ademais de como o constrúen progresivamente.

Por último, contáronnos como se defenden legalmente ou a través da acción directa e a que conclusións foron chegando, con respecto a estas dúas vías, para unha mellor defensa das usuarias das vivendas.

Neste día contamos tamén co avogado Xoán Antón Pérez-Lema, que aportou a súa visión, desde a súa experiencia profesional, sobre os procesos de exclusión habitacional e os mecanismos legais relacionados.

## XOÁN VÁZQUEZ. SINDICAT DE BARRI DEL POBLE SEC

---

Xoán fálanos do tecido popular que conforma o Sindicat, que se xera como transvase de persoas entre o CRA (Comité Revolucionario de Alimentos), o Ateneu Cooperativu La Base, que toma exemplo do mutualismo obreiro anarquista de principios do s. XX en Barcelona, e o Grupo de deportes.

"Todos estes son espazos onde confluír, onde atoparnos, onde crear ese tecido popular [...] e crear autonomía de barrio. Cada persoa está onde pode, onde lle apetece, onde necesita e a idea é crear rede".

Obteñen o financiamento dunha partida do fondo común do Ateneu Cooperativu, xa que están vinculadas a elas dende o comezo (a iniciativa da creación do Sindicat naceu ali). O fondo común está formado polas cuotas das persoas socias e dos proxectos produtivos de cociña do Ateneu. O Sindicato tamén se financia a través doutras actividades como a organización de festas, rifas ou mercados de segunda man.

No momento actual, acollen un debate sobre a posibilidade de dotarse de máis estrutura legal a través do Sindicat de Llogateres, a causa da represión que están sufrindo por parte da administración autonómica. O xeito de facelo sería engadir cotas económicas que vaian a afiliación dese Sindicat e poder contar co asesoramento legal delas.

Tamén nos explica as súas estratexias para o apoio mutuo:

- Ter en conta que nos atravesa unha cultura individualista e que é normal que a xente marche do grupo cando arranxan o seu caso. A modo, coa militancia, crearemos outra cultura e por tanto outras dinámicas. É preciso considerar os diferentes ritmos das persoas e graos e formas diferentes de implicación, somos diversos. Hai moitas persoas afectadas que son, por exemplo, nais migrantes, e non contan co tempo nin as facilidades que temos outros.
- Incidir en que non fan beneficiencia, que funcionan a través do apoio mutuo.
- Tratar de promover a rotación de roles para que a xente nova se sinta parte activa do sindicato.
- Comunicarse de forma sinxela coa xente.

- Establecer vínculos extra-militantes (bailes, festas, comidas, grelladas, banco de tempo coas familias que teñen crianzas, compartir coñecementos e habilidades coa xente) baseados no lecer.

No Sindicat fan un esforzo no ámbito comunicativo orientado a crear discurso, da seguinte maneira:

- Apóianse moito en redes sociais, cartaces, vídeos vírais, peticóns a persoas famosas para que se posicúen sobre o tema dos desafiuazamentos -conseguiron que cantantes de trap o fixeran públicamente, co que se chega á xente nova-.
- Difunden por colectivos afíns.
- Tentan achegarse a xornais que poidan ser aliados tácticos, non descartan o uso da televisión, como TV3 no seu caso, se ven que ten sentido o e que poden facer chegar o seu discurso.
- Fan uso da cartelería polo barrio, folletos, buzoneo porta a porta.

Acerca do empoderamento das persoas afectadas, Xoán coméntanos que é diferente a situación de quen leva moitos anos militando que a dunha persoa que nunca estivo nestes espazos, porque precisará máis tempo neste proceso.

"Nós tratamos de incluir ás persoas desde o principio a través de roles que aporten e necesidades da assemblea, e que poidan ser sinxelos [...]. A longo prazo, cada vez facemos máis fincapé en formación interna, formación interna e formación interna, para facilitar este transvase de información dunhas militantes a outras e evitar que as de sempre esteamos acaparando roles de poder nunhas poucas mans, e a información".

A formación da que nos fala trata cuestións legais, denuncias, multas, desafiuazamentos, socialización dos subministros básicos, etc.

## LUCÍA CASADO. PLAN SAREB

---

O Plan Sareb é unha campaña do movemento de vivenda que inicialmente agrupa diferentes colectivos de vivenda dos barrios de Madrid. Agora conta tamén con persoas doutros lugares do Estado.

"[...] como la autonomía barrial es tan necesaria pero depende tanto, como las autonomías que tienen otros barrios, nos definen como lo fuertes que son nuestras aliadas y hemos considerado siempre necesario pensarnos desde una escala de movimiento, ya sea de ciudad o de alianzas con otros territorios [...], nosotras nos planteábamos también que en esta necesidad de reproducir un movimiento de vivienda o de hacerlo más fuerte para hacernos más fuertes nosotras en nuestros propios barrios [...] nos planteamos sacar esta campaña porque, más allá de que sea una campaña de grupos de vivienda que se enfrentan contra una propiedad concreta [...], el Plan Sareb tiene unos objetivos que son de cuestión de movimiento."

Os obxectivos concretos dos que nos fala Lucía son:

- Unir diferentes casos dos barrios contra a Sareb e que a loita non sexa parcial senón inter-barrial.
- Negociar colectivamente os 200 casos existentes contra a Sareb que a vivenda da Sareb forme parte do parque público de vivenda (actualmente dun 2% do total), que se paralicen os desafiuizamentos e se arquiven os procesos xudiciais abertos.

En relación co movemento de vivenda, os obxectivos son fortalecer as estruturas de vivenda, estreitar lazos perdurables entre diferentes barrios e ter análises comúns do movemento e realidade social, para poder articular pasos conxuntos no futuro. Tamén, rachar coas dinámicas asistencialistas que se estaban dando e ter vocación de deixar de lado as estratexias defensivas fronte ás propiedades para pasar á ofensiva. Superar ademais formas de proceder dos movementos que resultan curto-pracistas, como melloras lexislativas concretas que non lles permiten ter obxectivos a longo prazo.

No plan Sareb establecen unha serie de estratexias para a defensa fronte á propiedade:

- Sindicalismo social, proxectar a loita en vivenda coma se fose unha loita contra a patronal, con moitas afectadas por un mesmo inimigo.
- Colectivizar o problema de vivenda, assumindo que só o imos solucionar se nos xuntamos. Enmarcar que os problemas individuais de vivenda, ainda que melloren as condicións

materiais nun momento puntual, son moito más grandes e forman parte do sistema capitalista: aínda que consigamos un alugueiro social ou parar un desafiuamento non imos conseguir ter vidas dignas dentro do capitalismo.

- Ter claro que o Plan Sareb é un paso e que no futuro haberá máis pasos, o importante é facer redes entre os barrios e territorios e non cada mellora lexislativa concreta, senón o proceso de acumulación de forzas sostido, que se vai lo-grando coa militancia de base e coas nosas alianzas.

Outros dos piares son as propias persoas afectadas. Todo o protagonismo téñeno que levar as afectadas e isto debe ser unha canle de politicización. O grupo de vivenda debe ser a súa escola de loita. É preciso ter criterios emancipadores e asumir que non todas as afec-tadas son familias, senón que hai moita xente nova, e non hai que estar casadas ou ter crianzas para merecer unha vivenda. Os ante-riores son criterios patriarcais.

O plan Sareb xerou un cambio de dinámicas no movemento pola vivenda e permitiu establecer sinerxias entre os barrios para fortalecerse. Supuxo un avance cualitativo na mobilización á organización, un paso desde a paralización de desafiuamentos a formar unha rede de grupos de vivenda.

## **RUYMÁN RODRÍGUEZ.**

### **SINDICATO DE INQUILINAS DE GRAN CANARIA**

---

O S.I.G.C. xorde da Federación Anarquista de Gran Canaria (F.A.G.C.), cando en 2017 decidiron crear unha organización máis ampla, sen filiación política. É unha organización de masas, non ideolóxica, na que calquera persoa pode participar. Tan só debe cumplir uns mínimos relacionados co feminismo e anti-racismo e non pertencer a ningún grupo desafiuñador. Son unha organización integral, que se dedica non só a temas de inquilinato, senón tamén hipotecarios, de sen-fogarismo, infra-vivendas, sub-arrendamentos, okupación... É unha escola de loita.

O seu financiamento depende tan só da afiliación, que aporta unha cota mínima mensual pagada por quen pode, sendo posible facer aportacións maiores.

Teñen unha estrutura organizativa baseada nunha asemblea bimensual ou trimestral que toma decisións sobre asuntos concretos, ademais de marcar as liñas xerais. É o órgano soberano que encarga tarefas ás comisións:

- Comisión de Comunicación. Redacta documentos, comunicados, notas de prensa e deseñar a estratexia mediática. Empregan medios alternativos, pero tamén de masas, tendo en conta que estes segundos requiren precaución. Evitan estratexias mediáticas individualizadas porque o problema é social, non individual.
- Comisión Xurídica. Estuda contratos de alugueiro, pensan estratexias legais anti-desafiuñamento e doutros tipos.
- Comisión Anti-desafiuñamento. Frea desafiuñamentos candoo a vía legal está esgotada.
- Comisión de Re-aloxo. Encárgase de todos os temas relacionados coa okupación: Recursos, subministros, censo de casas susceptibles de ser expropiadas e socializadas, consellos sobre como proceder na okupación, relaciones coas comunidades...
- Comisión da muller. Acompaña a mulleres que sufrieron situacións de maltrato e nas casas de acollida do Estado non ven cubertas a súas necesidades. Axúdaselles a buscar alternativas habitacionais.

- Comisión de organización. Xestionar os contactos, establecer relacións con outras organizacións, planea asembleas, obradoiros...

As estratexias do sindicato, entre outras son as seguintes:

- Colectivizar, tratando de agrupar os casos cando as vivendas pertenecen a un mesmo gran propietario. Evitar abordalos como problemas individuais, caendo en estratexias reformistas, pois trátase de mudar a realidade social.
- Contactar coa afectada, recoller toda a información e estudala, cruzar información para deseñar unha estratexia personalizada en base a unhas liñas xerais que xa teñen programadas. É a afectada quen decide como se vai levar o seu caso, cumprindo coas liñas vermelhas do sindicato.
- Asumir que a cuestión legal non serve máis que para gañar tempo para presionar á propiedade e ás institucións.
- Dirixirse á imaxe pública das inmobiliarias, bancos e outras institucións. Usan o selo sindical para sinalizar os edificios e vivendas que non compren os mínimos de habitabilidade ou que desafiuzan, e organizan campañas polas páxinas de aluguer, RR.SS., etc. sinalando a estes axentes inmobiliarios.
- Frear desafiuazamentos.
- Realizar re-aloxos.

"Es muy difícil superar un 10% de implicación. Quiero decir, que si consigues llegar a 100 personas, las que se van a quedar fijas militando, con más implicación, van a ser, con suerte, un 10% de esas 100 personas. Es la regla que nosotros llamamos del 10% porque se nos ha cumplido prácticamente siempre."

No S.I.G.C. contan con 600 afiliadas, das cales 70-80 son militantes activas. O habitual é que a xente, habituada ás dinámicas capitalistas, se desentenda unha vez solucionado o seu problema individual.

Actualmente, o S.I.G.C. ten en marcha diferentes proxectos, como as más de 10 comunidades, onde viven ao redor de 1000 persoas, entre elas a Comunidad La Esperanza (77 familias) ou a Comunidad La Ilusión (44 familias). Tamén contan con hortas de abastecemento, unha oficina do precariado, redes de intercambio de roupa e aveños e unha rede de apoio a persoas migrantes (xestionadas todas estas pola F.A.G.C.).

**XOÁN ANTÓN PÉREZ-LEMA.**  
**AVOGADO E DOCENTE, SOCIO DIRECTOR DO DESPACHO**  
**DE AVOGACÍA E CONSULTORÍA PÉREZ-LEMA**

---

Dado que nesta xornada contabamos inicialmente cunha convidada que nos falaría de cuestións relacionadas coa okupación, e que finalmente non pudo asistir ao noso faladoiro, pedímoslle a Xoán Antón Pérez-Lema que introduza este tema desde a súa experiencia profesional na avogacía.

Xoán fálanos da complexidade do problema da vivenda, que é creador de conflitos en moitas organizacións e asociacións. Frente á concepción habitual das e dos pequenos propietarios que alugan, cada vez é maior a presencia dos fondos grandes tenedores.

A Constitución establece como principio reitor, no seu artigo 47, o acceso a unha vivenda digna. A competencia plena sobre esta cuestión, recollida no art. 23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, é autonómica. Ademais, toda a riqueza do Estado está subordinada ao interese xeral e a propiedade privada sometida a limitacións que a deben facer compatible coa función social.

Nos últimos 40 anos, vivimos un fenómeno de baleirado de todo o que non sexan dereitos políticos e civís, e pasamos dunha economía de mercado a unha sociedade de mercado. Toda a normativa existente que protexe ás e aos usuarios das vivendas está pensada para protexer a quen áinda non foi excluído do sistema. Para moita xente é imposible cumplir os requisitos de acceso a ela.

Os concellos teñen tamén competencias en planificación urbanística e do territorio das que non están a facer uso para a creación dun parque de vivenda pública. Pola contra, a exclusión ten cada vez más caras: o colectivo migrante, a xente nova, a terceira idade, a dependencia e moitos outras que cada vez con máis frecuencia nas rúas.

En Galicia temos unhas 600.000 vivendas baleiras no último censo, áinda que probablemente sexa máis, porque hai moitas entidades que non as comunican. Destas, hai moitas de Sareb e de grandes tenedores, pero a maior parte, incluso desgraciadamente, son de persoas que sen ter demasiados recursos nin sequera a teñen no mercado.

"Vivimos nun sistema de grandes mentiras. Pois, por exemplo, que a okupación é un problema. Pero tamén [...] hai xente que non aluga a vivenda porque cre que non hai quen bote a un inquilino que non paga."

Na opinión de Xoán Antón, a única solución a esta situación, desde un punto de vista xurídico, é a creación dun parque público de vivendas en alugueiro.

"A cuestión da okupación nese sentido é que fai referencia a un grave incumprimento do pacto teoricamente constitucional, constitutivo dunha sociedade: que se pode ser propietario de vivendas pero que as vivendas teñen que estar destinadas a unha finalidade social."

Inténtasenos trasladar a idea de que a vivenda non é un problema social, senón todo o contrario, que o problema é a okupación, cando temos tantas vivendas baleiras.

Aínda que a día de hoxe a maioría de tribunais en Galicia están absolvendo ás persoas que okupan, pola vía do dereito civil a okupación sen título dunha propiedade está abocada ao desafizamento. A única solución xurídica sería a expropiación de uso. E poderíase utilizar este mecanismo para a creación deste tan necesario parque público de vivenda.



# **TERCEIRA XORNADA: DEREITO Á VIVENDA E CRIMINALIZACIÓN DA POBREZA**

9 setembro 2021 | Lugar: O Fiandón

Na terceira xornada centramos a conversa no dereito ao fogar e á vivenda e profundizamos nas prácticas e discursos de criminalización da pobreza que podemos identificar nos espazos habitados, públicos e privados así como nas propias institucións e, por extensión, nas políticas que desenvolven. Para abordar esta cuestión convidamos a Marlène Danlaeta, do colectivo AfroGalegas; José Luis Martínez que habita desde fai anos nunha das infravivendas en alugueiro na Zapateira (A Coruña), Noelia Sánchez antiga residente no asentamento precario de A Pasaxe, en proceso de desmantelamento desde 2017 e familiar dalgunha das persoas que resisten neste espazo a día de hoxe. Tamén nos acompañou Cristina Botana, doutora en urbanismo e colaboradora nas loitas da veciñanza de A Pasaxe, que nos axudará a por marco a todo este tema e ás dinámicas de criminalización da pobreza na cidade. Por último, contamos coa presenza de Coruña Sen Teito que completa esta mesa incorporando a perspectiva das persoas sen fogar.

## **CRISTINA BOTANA. DOUTORA ARQUITECTA, ESPECIALISTA EN SEGREGACIÓN URBANA**

---

Para falar de dereito á vivenda temos que falar en negativo, da exclusión do dereito á vivenda. Trátase dunha exclusión multinivel desde a administración pública, desde as políticas de vivenda, desde o mercado e desde a propia sociedade, entre quen está acumulando as vivendas e dispón os alugueiros.

A administración executa a política de vivenda e sabemos que emprega unha discriminación por perfil étnico na adxudicación das vivendas públicas, excluíndo ou relegando a determinados grupos de poboación.

A política de vivenda é case inexistente neste momento, non existe promoción de vivenda pública, salvo en cifras residuais con respecto ao total da construcción. Neste momento esta proporción supón arredor dun 2% da producción total de vivendas no Estado español. Así todo o aparato de realoxamento, integración e refuxio das institucións públicas é un significante baleiro e todo está supeditado ao mercado libre, con todas as dependencias que implica isto.

Este mercado libre responde en función das plusvalías, o valor do solo e do que os grupos propietarios das vivendas queiran situar no mercado. Loxicamente tamén determina quen pode alugar ou mercar unha casa. Aquelas persoas ou grupos financeiros que posúen as vivendas elixen quen vive nelas, cales son as súas esixencias, en qué condicións teñen o lugar ou mesmo poden elixir mantelas deshabitadas áida que exista unha demanda elevada de vivenda.

Nos primeiros anos 80, a pesar da recesión económica do momento, a proporción entre vivenda protexida e libre era dun 50% e a mediados dos 90 chegouse a un 86% de producción de vivenda pública sobre o total. Así, hoxe que a duras penas logramos defender o mantenemento dun 20% de reserva nas promocións residenciais e co actual 2% minguante de vivenda pública, podemos afirmar de forma contundente que a política de vivenda é ineficaz ou mesmo inexistente.

Aínda supoñendo que resultase operativa, a realidade é que o sistema de acceso a ditas vivendas públicas continúa excluíndo ás persoas que deberían ser prioritarias. Os requisitos están pensados para aquellas que teñen certo nivel de aforros, porque as axudas chegan con moito retraso e as familias deben adiantar os custos.

Ademais, a adxudicación prodúcese por sorteo, o que convierte este sistema en aleatorio einxusto na práctica.

Para acceder a unha vivenda pública en Galiza débese ter un nivel de ingresos entre o 0,7% e o 2,5% do IPREM<sup>1</sup>. Esto implica que, na convixtura da última década, unha persoa cuns ingresos superiores aos 15.000€ anuais entra ao sorteio de vivenda pública. Este feito en si mesmo non deberá supor un problema se houbera vivenda protexida suficiente para satisfacer as necesidades existentes, pero non é así. É aínda máis grave xa que, segundo os requisitos da solicitude, unha persoa cuixos ingresos non superen os 395€ mensuais, é dicir algúen en extrema vulnerabilidade, non pode solicitar unha vivenda pública. Entón, ¿qué solución queda para estes grupos se a política de vivenda nin sequera os considera?

Por outra parte, o grosor da vivenda pública disponible está destinada á venda cando, segundo os datos de solicitantes de 2018, un 65% das solicitudes foron para alugueiro e outro 20% para alugueiro con opción a compra. É dicir, un 85% da demanda é para alugueiro pero a práctica totalidade das promocións de vivenda protexida son para venda. Outro indicador da disfuncionalidade das políticas de vivenda pública.

Neste escenario, ¿qué sentido teñen estes discursos de integración e realoxo en vivenda chamada normalizada, sobre o dereito ao refuxio ou á acollida? ¿qué sentido real ten todo este aparato de políticas asistenciais?

Aparte de todo o comentado, debemos pon sobre a mesa cómo a propia administración utiliza a marcaxe étnica nos seus procesos. Durante o franquismo esto facíase abertamente a través de certificados de boa conducta, adhesión ao Réxime ou relacións clientelares. Agora desenvólvese con formas más sutís e imbricadas no sistema.

Os certificados de boa conducta tradúcense nunha serie de prescripcións dadas pola traballadora social ou funcionario de tur-

---

<sup>1</sup> Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples. El IPREM quedó establecido para el año 2021 en 564,90 € mensuales, 6.778,80 € anuales en 12 pagas o 7.908,60 € en 14 pagas. Fuente: <http://www.iprem.com.es/>.

no, que a miúdo representan unha serie de exclusións e formas de violencia institucional hacia determinados grupos de poboación. Están documentado casos onde a Xunta ten anulado adxudicacións de vivenda pública debido á presión social e veciñal xerada ante o traslado de familias xitanas ao barrio. Estas son cuestiós que quedan fóra da realidade documental ou arquivística dunha administración teóricamente neutral, que non discrimina, pero que na práctica dispón de mecanismos para relegar aos grupos máis vulnerables. Neste punto cabe reflexionar sobre o papel das asociacións veciñais nestes procesos de discriminación e acoso ás familias realoxadas ou que accederon con pleno dereito a unha vivenda pública.

A exclusión desde o mercado é a más evidente. Cada vez as vivendas se concentran en menor número de mans e consolídase como un valor de cambio fundamental. Non se considera un ben de primeira necesidade que é preciso regular, senón un produtor de plusvalías. Os grupos propietarios exclúen a aquelas persoas cujos corpos ou existencias están marcadas segundo múltiples estruturas de xerarquización social. Nos contratos con estas persoas as propietarias esixen maiores requisitos, garantías, fianzas...ademais de permitirse condicións abusivas coas inquilinas. Sen embargo o relato defendido é que as propietarias son a parte vulnerable, "quen se xoga o patrimonio" e, por tanto, quen reclama ser protexida.

Nos barrios, as asociacións veciñais a miúdo reproducen estas dinámicas identificando á poboación vulnerable ou marcada como un factor devaluador do seu entorno e a súa veciñanza. Exercen así un papel opresor, en vez de situarse do lado da parte oprimida. En xeral esto ten moito que ver coa presión exercida polo propio mercado inmobiliario e as políticas públicas que concentran á poboación máis estigmatizada nas áreas máis infradotadas que loitan por manter o seu precario equilibrio social. Este é un asunto amplio e complexo que convén reflexionar en profundidade, pero está ben deixar este apunte.

## MARLENE DANLAETA. MEMBRO DE AFROGALEGAS

---

Marlene destaca como indicador das dinámicas nesta área o feito de que nun espazo como estes faladoiros non encontremos a ningún representante público ou político. Esta ausencia manda a mensaxe de que o dereito á vivenda non lles afecta.

"Lo que demuestra el abandono en que estamos todos. No sólo los negros, también los blancos. Sería bueno reflexionar sobre esto. Cuando hablamos de criminalización de la pobreza, pienso en la utilización de la palabra criminalizar, que según la RAE es atribuir carácter criminal a alguien o algo, penalizar, tipificar y castigar. Cuando se estigmatizan como pobre ¿cómo te marcan, qué significa? Leemos la prensa y vemos discursos vergonzosos y normalizados que hacen negocio de la desgracia y perpetúan el racismo. Un racismo que se niega y que excluye. Hablamos de marcaje, se trata de un estigma por ser migrante. Pero se aplica también a las negras, gitanas, prostitutas y maricones y a cualquiera que no ostente la hegemonía. Hay una palabra, planteada por Adela Cortina y aprobada por la RAE en 2017: *Aporofobia*. Se tardó 22 años en reconocer este concepto y la tomara en valor con la intención de transformar la realidad social. ¿Hemos notado algo de esta transformación?"

Rexitamento ao pobre, ao desvalido, ao *aporos*, ao sen recursos. Vemos conceptos como invasión, para describir a migración, os cruces pola fronteira valada de Melilla. A forma despectiva como a prensa deshumaniza ás persoas retidas, encarceradas, en CIES.

"La hostilidad está normalizada y esto es una tragedia. Las agresiones homófobas han aumentado un 90% en España y no vemos que ninguna institución se pronuncie sobre esto. Nos encontramos en medio de una crisis mundial y nosotras, como mujeres negras, también somos atravesadas por la misoginia y las prácticas racistas y clasistas. Nos afectan como convivientes, afecta también a nuestros hijos y afecta a nuestra salud mental. Esta es otra cuestión sobre la que se debería alertar."

Analizamos os índices de racismo e criminalidade cara as persoas afrodescendentes. SOS racismo emitiu o seu informe anual e na súa páxina 11 faise referencia á saúde mental. Os delitos de odio teñen aumentado nun 50%. É urgente que existan políticas de acompañamento psicosocial i emocional ás persoas migrantes que sufren racismo e violencia xa que os datos só empeoran:



Fonte: informe anual SOS Racismo, 2020.

Marlene recorda o contido do artigo 2 dos dereitos humanos:  
Non discriminés, menciona tamén a esencia dos artigos 4 e 14:

"Artículo 4: ninguna esclavitud, ninguna tortura

Artículo 14: derecho a buscar un lugar seguro donde vivir

Dentro de este estigma y el señalamiento que se hace a las personas migrantes y también hacia las otras vulnerables, en términos de salud mental. Toda esa marginalización y exclusión repercute en nuestra salud mental y esta es una cuestión fundamental que hay que tener siempre presente"

Para concluir a súa intervención fala da importancia da resignificación da palabra:

"el lenguaje que utilizamos para dirigirnos o referirnos a ciertas personas. Noelia lo menciona, desde la rabia, desde el dolor: ella no eligió vivir en la chabola, sin embargo tiende a juzgarse: ¿cómo llegó allí? Señalamos al que se encuentra en la situación de vulnerabilidad, así multiplicamos el estigma. Que se nos considere, que se nos visibilice, que se nos tome en cuenta. *El estigma mata.*"

## JOSÉ LUIS MARTÍNEZ. VECIÑO DA ZAPATEIRA

---

Mi nombre es José Luis Martínez Rodríguez, soy arquitecto y, desde que he llegado a Coruña, siempre he vivido en una infravivienda debida a la escasez de recursos y al elevado precio de los alquileres, primero como alumno, tanto en la calle María Ana Mogás Fontcuberta como en la calle Burdeos nº 4l; y ahora como trabajador precarizado y sin empleo al momento de escribir esta declaración.

Resido en A Coruña desde el año 1996 y en Rúa Burdeos desde 2003, siempre con contrato verbal y pagando en mano a los caseros, los cuales cobraban las rentas de esa manera, no aportando una cuenta bancaria en donde ingresar la mensualidad, con una cuantía de 120 € y, a partir de 2003, de 130 €; por otra parte, a los inquilinos se nos revende la electricidad a un precio de 0,20 € el Kw.h, cuando el precio del Kw.h con IVA es de aproximadamente 0,1437 €/Kw.h en 2019, de media.

Las carencias que sufren las infraviviendas son muchas y variadas. Desde un punto de vista arquitectónico no existen espacios de transición entre el ámbito privado y el público, la distribución es muy elemental y responde sólo a construir la máxima cantidad de estas infraviviendas por superficie, resultando en un espacio interior de unos 17,48 m<sup>2</sup>, muy insuficiente e insalubre, no siendo apto para el desarrollo normal de la vida de una persona.

Desde un punto de vista constructivo, las deficiencias son notables y se detallan en un informe específico adjunto, pero, por mencionar alguna, digamos que el "sistema" constructivo favorece, en lugar de prevenir, que la humedad del terreno y el ambiente se traslade y acumule en el interior, además de no existir soluciones constructivas que impidan la filtración y acumulación de gas radón.

El empleo de un deshumificador no es nada recomendable, ya que, al tratarse de un espacio tan reducido y húmedo, se produciría la proliferación de bacterias y moho en el aparato, y éste esparciría dichos patógenos por el ambiente interior, causando y agravando problemas de salud tales como sinusitis, rinitis, blefaritis y enfermedades del aparato respiratorio, todas ellas enfermedades que sufro habitualmente y alguna, como la blefaritis, que ya padezco de forma crónica; además, existe una línea de alta tensión que discurre muy cerca de las infraviviendas.

El problema apareció publicado en los medios hacia 2007 y tuvo repercusión hasta el año 2010, pero ni se derribó ninguna de las infraviviendas ni se produjo ninguna acción para paliar el problema; hubo sí, en aquel momento y a raíz de las publicaciones, una desbandada de inquilinos, pero a partir del año 2015 se hicieron obras de reacondicionamiento que no resuelven las deficiencias antes detalladas, sino que se encaminaron a unir, en esta parcela de la calle Burdeos nº 4, algunas infraviviendas para hacer un espacio doble.

Por lo demás, las infraviviendas dobles siguen sufriendo las mismas carencias de insalubridad que las simples.

Desconozco el alcance de las medidas que se tomaron contra esta actividad, pero quisiera hacer hincapié en que el permitir que existan estas construcciones, sabiendo que sobre alguna de ellas pesaba expediente de derribo, es lo que ha facilitado que se sigan utilizando como espacios de uso residencial; al mismo tiempo, el precio del metro cuadrado que pagamos es aún mayor que el precio medio de la ciudad, ya de por sí elevado.

He constatado también situaciones de acoso a los inquilinos, algunos de los cuales han debido huir de la finca, con el fin, por parte de los arrendadores, de librarse de inquilinos de "renta antigua" para cobrar mayores cantías.

El hecho de que ahora hagan contratos de arriendo por escrito a los nuevos inquilinos no significa que éstos sean legales, ya que los inmuebles carecen de (y no pueden tener) cédula de habitabilidad, lo que imposibilita su uso como espacio residencial y hace que dichos contratos sean ilegales.

Las infraviviendas se anunciaban de forma ordinaria en las zonas universitarias aledañas, mi hermano llegó cuatro años antes que yo a las infraviviendas de la calle María Ana Mogás Fontcuberta, gestionadas por los mismos propietarios de las infraviviendas de la calle Burdeos nº 2, nº 4 y de la Avda. Nueva York nº 22 y, debido a la escasez de recursos, no hubo alternativa al no existir una residencia universitaria. Actualmente se anuncian en sitios web tales como Milanuncios.

Después de unos 14 años del inicio de las investigaciones en la UDC y publicación en los medios de comunicación, nada ha cambiado.

En el año 2019 se han vuelto a realizar publicaciones en los medios intentando visibilizar el problema.

Yo he sufrido tres juicios (entre otras acciones como colocar cámaras de vigilancia ilegales en la finca y negarme el acceso a servicios) para acosarme y echarme de mi casa, el último de los cuales pierdo y deberá abandonar mi casa en breve; situación que llevo viviendo desde hace 6 años.

Así pues, las infraviviendas son un fenómeno permitido por el ayuntamiento y persisten gracias al mismo.

En 2019 tuvimos una reunión con la concejalía de urbanismo y se nos han reído en nuestras caras literalmente, diciendo que de acuerdo a la ley del suelo no pueden ocuparse del realojo de la gente que vive en las infraviviendas, ya que no son personas consideradas en situación de exclusión social; se nos dijo que iban a notificar a los infractores y que procederían a realizar el corte de suministros, nada de esto ha ocurrido hasta el día de hoy, sólo inacción absoluta.

La aparición de nuevas infraviviendas es algo esperable con la situación de precariedad laboral y habitacional que estamos viviendo.

## NOELIA SÁNCHEZ. VECIÑA DO POBOADO DA PASAXE

---

Noelia narra, tamén desde a súa propia experiencia, cómo de vive coa estigmatización, a criminalización e as carencias do sistema público de protección dos dereitos básicos. O asentamento da Pasaxe leva desde 2017 en proceso de desmantelamento por parte da administración local.

"Yo no entiendo de administración, entiendo lo que yo he vivido. Cualquiera puede pasar a vivir en una infravivienda. Al perder mi trabajo, me encontré viviendo en una chabola. Además, cuando tenía algún trabajo e iba con mi marido a alquilar, me cerraban la puerta. Mi marido es gitano y para nosotros no hay alquiler. O sea que no es sólo pobreza. Así me fui a la chabola, donde viví 8 años. Trabajadoras sociales, ayuntamiento, asociaciones fueron por allí con un montón de palabras bonitas: erradicar el chabolismo, vivienda digna... pero si no hay vivienda pública, ¿qué significa todo esto? Es muy fácil decirlo pero mañana mi familia gitana va a recibir una notificación para desahuciarles de donde llevan viviendo más de 35 años. Y no hay alternativas, lo cierto es que no las hay. La policía llega con violencia. En uno de los últimos realojos había 20 policías, ¿por qué? Porque son gitanos. Y cargaron y pegaron a hombres y mujeres. Pero fueron los policías quienes les denunciaron a ellos, uno tiene ahora un juicio. Pero todo eso no se ve, no interesa verlo."

De novo, o papel da prensa na construcción do discurso de criminalización: negando o conflicto acontecido para protexer a acción institucional ou pola contra, situando o foco na poboación vulnerada describindo ataques a pedradas á policía e funcionariado público por parte das familias. En ningún caso se analizou a situación desde unha perspectiva de dereitos ou recoñecemento.

"Cuando hay menores además se producen una serie de presiones que son muy duras. Tienes que oír que el gitano no trabaja porque no quiere, vive en la chabola porque lo elige así. Yo aún no cambié mi DNI, si lo enseño para cualquier trabajo y ven: Conservera Celta. Nadie te contrata. Y si lo hacen, va a ser siempre con el prejuicio."

Noelia explicou o seu proceso de realoxamento desde o núcleo da Pasaxe a unha vivenda en alugueiro, segundo as condicións reguladas polo entón vixente Plan de Acceso ao Hábitat Digno na Coruña. Neste Plan plantexábase o desmantelamento paulatino dos asentamentos precarios da cidade desde unha perspectiva más orientada a garantir o dereito á vivenda e á cidade das súas residentes, atendendo ao proceso como un itinerario de inserción plena. Na práctica tal proceso acabou por adquirir as dinámicas institucionais xa coñecidas:

"tenía unas ayudas para acceder a pisos en alquiler. Eran pisos de propiedad privada, no pública, que los propietarios cedían al ayuntamiento para alquiler social. Nosotros pagamos el 20% de nuestros ingresos para este alquiler, aparte de los suministros. Pero esto es durante 5 años, después de ese tiempo o pagas el alquiler entero o, si no tienes un buen trabajo y los alquileres siguen subiendo, te vas a la calle. Tengo claro que antes de verme en la calle con mi hijo me hago una casa en otro sitio. Es que al final, con este sistema parece que no te dejan opción. Desde fuera es fácil hablar. Yo vivo el racismo a diario, no sólo en la vivienda, en el supermercado, en la calle, en todas partes. Y eso duele, es día a día. Esa imagen del gitano, duele. Yo hay una palabra que no soporto: "las razas", ¿qué razas? Razas hay una, que es la humana. Luego hay culturas. No hay razas lo que hay es racismo. Esto es lo que he vivido y lo que vivo. Esto es lo que sé"

En moito casos as persoas que ceden os seus pisos a entidades sociais entregan vivendas en moi malas condicións, cometendo abusos coas inquilinas. Cuestións todas que se permiten porque no hai outras opcións xa que moi pouca xente está disposta a alugar a súa vivenda a unha familia xitana ou migrante. Estas dependencias están directamente relacionadas coa carencia de vivenda pública, que supedita este dereito básico á vontade privada. Admitindo que haberá casos que actúen de boa fe, está constatado que moitas propietarias empregan estes programas para mobilizar pisos que ningúen quere, vivendas en mal estado nas que non se inviste nin en reparacións ou no mínimo mantemento.

Ademais de todo isto, o realoxamento en pisos non se adapta á situación laboral de moitas das familias. A administración nega este medios de vida por informais e artellan itinerarios de inserción laboral pouco realistas e non adaptados á coxuntura de cada persoa nin as súas expectativas vitais.

"La mayoría de la gente que vive aún allí, se dedica al reciclaje de chatarra. Entonces, si acepta irse a uno de estos pisos tiene que abandonar sus medios de vida y por esto muchas familias se niegan a participar en el plan. Esto les hace mucho más dependientes. En el realojo la única opción que se da es ir para un piso. Y encima dispersos, exigen que las familias no vivan cerca, rompiendo las redes de apoyo. Y estas redes son fundamentales. Esta forma de destruirlas y negarlas es violencia institucional. Pero nada, porque todo esto no se escucha. Harán un paseo marítimo precioso y no volverán a preocuparse de estas familias."

Non podemos esquecer que todas estas familias foron desprazadas alí por decisión municipal. É dicir, non foron voluntariamente e ocuparon este terreno senón que foi unha decisión da propia administración que alcanzou un acordo coa propiedade dos terreos nos anos 80. Entón a pregunta é:

¿Vai a haber algúun proceso de recoñecemento ou de reparación sobre as consecuencias que ten tido esta decisión?

## CORUÑA SEN TEITO

---

Desde Coruña Sen Teito defenderon a vivenda como porta para a igualdade. Cando non existe o acceso a unha vivenda digna, prodúcese exclusión social. Desde este colectivo reclaman a necesidade de crear instrumentos desde os que reivindicar este dereito á vivenda. Apuntaron á creación dunha Comisión mixta de vivienda, que deberá ser un dos obxectivos de espazos como este faladoiro.

"Debemos ser constructivos y plantear objetivos claros. Implicar a las instituciones, ciudadanía, entidades sociales y partidos. La gente sin hogar no es solo asunto de Servicios sociales, debe implicarse otros organismos como la universidad, que tiene algo que decir en este tema. El ayuntamiento debería estar presente en este espacio."

O colectivo está a traballar na idea dun albergue que precisará da implicación do concello, non só con financiamento senón con persoal cualificado e multidisciplinar. Tamén nos aportaron algúns referencias bibliográficas que consideran de interese para as cuestión abordadas no obradoiro:

Adela Cortina (2017) *Aporofobia*. Describe o concepto de aporofobia e as dinámicas de exclusión derivadas do odio ao pobre

Jean-Marie Roughol (2015) *Je tape la manche: Une vie dans la rue*. Plasma historias reais da rúa que se salen da verdade oficial do senfogarismo

Douglas Murray (2017) *La masa enfurecida*. Aborda o que o autor define como guerras culturais e a construcción dos discursos e delitos de odio.

Na exclusión social atopamos gran diversidade de problemáticas e grupos sociais. O que acontece nas rúas pode verse e analizarse desde dúas perspectivas: desde un despacho e os medios de comunicación ou desde a acción social. Desde esta última é onde comezamos a apreciar os matices e a superficialidade da maioria dos informes institucionais.

"Desde aquí se ve el odio, la criminalización y la aporofobia, el discurso de que están ahí, en la calle por que quieren. Los archivos de algunos comedores sociales están en poder de la policía. Esto es problemático porque alimenta actuaciones violentas que no profundizan en la cuestión de fondo. No es un asunto policial sino social"

Observamos isto na forma en que os medios de comunicación tratan este tema e tamén en cómo os concellos e administracións públicas lexislan criminalizando o senfogarismo ou a informalidade. Existen ordenanzas que criminalizan pernoctar na rúa, descansar ou asearse nos espazos públicos ou simplemente ter unha apariencia disonante. Entón o que se traduce disto é que non hai unha intención real de integración ou apoio aos grupos vulnerables.

A Unión Europea ten en marcha a Estratexia 2030 para a redución da pobreza e a desigualdade no contexto europeo.

"pero ya fracasó la meta de reducción de la pobreza de la Estrategia Europa 2020 y antes la de 2015. Nosotros pretendemos llevar al gobierno central una iniciativa para una Ley de Inclusión Social que coincide con esta Estrategia 2030. Las personas sin hogar están sufriendo no solo la desigualdad sino también violencia. Es una violencia diferente a la de otros grupos de población, pero es violencia"

# **CUARTA XORNADA: REDES PARA O DEREITO Á CIDADE NA CORUÑA. ESPAZO DE TRABALLO, INTERCAMBIO E ORGANIZACIÓN**

10 setembro 2021 | Lugar: Normal, Universidade da Coruña

Esta última xornada serviu para crear un espazo de conversa que ficou escaso nas sesións anteriores por falta de tempo. A intención desta xuntanza, ademais de compartir opinións sobre as intervencións dos días previos, foi a de reunir ás persoas e colectivos interesados en traballar polo dereito á cidade na cidade da Coruña, desde dentro e fora da Universidade.

Fixemos un repaso dos temas tratados, escoitando algúns dos audios recollidos, e a continuación valoramos futuros pasos na axenda. Como dixo, con moito acerto, unha das convidadas ás xornadas, estes faladoiros non pretenden máis que ser un paso no camiño para a suma progresiva de forzas e a creación de debate sobre un tema que, por desgraza, cada vez teremos máis presente nas nosas cidades nos vindeiros anos.



Esta publicación xorde como testemuña dos faladoiros desenvolvidos durante a actividade Dereito á Cidade, co-organizada pola Clínica de Casas da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, o Grupo de Apoio Mutuo de vivenda da Coruña e Refuxios da Memoria.

Durante catro xornadas de aprendizaxe conxunta, membros da UDC e veciñanza conversaron en torno ao dereito á vivenda e os espazos da cidade, a criminalización da pobreza no acceso a estes dereitos e os xeitos de nos organizar colectivamente para a autodefensa.



Oficina de Cooperación  
e Voluntariado Universidad  
da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**GAM**  
A CORUÑA

grupo de  
dereito a  
vivenda



artigo  
tech